

Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?

Ferramenta de autoavaliación

Preguntas e indicadores para mellorar a biblioteca

Bibliotecas escolares

¿entre interrogantes?

Ferramenta de autoavaliación

Preguntas e indicadores para mellorar a biblioteca

Inés Miret, Mònica Baró, Teresa Mañà e Inmaculada Vellosillo

COORDINACIÓN FGSR

Luis González

ASESORÍA METODOLÓGICA

Elena Martín

EQUIPO ASESOR

Eulàlia Espinàs, Isabel Monguilot, Cristina Novoa, Pilar Sampedro e Olga Serra

CENTROS PILOTO

Carmen Cuesta (IES Juan de Herrera), M^a José Díaz (IES El Escorial), Pilar Morales (CEIP Bartolomé Cossío),
Carme Pardo (Institut Vila de Gràcia) e Mariona Trabal (Escola Orlandai)

EDICIÓN

Álvaro Cruz, Javier Gonzalo



Esta obra presenta os resultados dunha investigación que contou coa axuda para a realización de estudos sobre a lectura e as bibliotecas escolares outorgada pola Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do Ministerio de Educación.

Coeditan:

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades
© Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Documentación e Publicacións
Catálogo de publicacións do Ministerio: educacion.gob.es
Catálogo xeral de publicacións oficiais: publicacionesoficiales.boe.es

e

Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Obra traducida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, a partir da obra *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?* de 2011.

Data de edición: 2012
NIPO: 030-12-126-6
ISBN: 978-84-89384-85-9
Impreso en España

Obra licenciada baixo licenza Creative Commons
Recoñecemento-NoComercial-Non derivados 2.5 España:
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/é/>
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/é/legalcode.é>



Recoñecemento. Debe recoñecer os créditos da obra da maneira especificada polo autor ou o licenciador (pero non dunha maneira que suxira que ten o seu apoio ou apoian o uso que fai da súa obra).



Non comercial. Non pode utilizar esta obra para fins comerciais.



Sen obras derivadas. Non se pode alterar, transformar ou xerar unha obra derivada a partir desta obra.

Vostede pode facer uso libremente da obra nos termos indicados na citada licenza. Todos os demais dereitos reservados. Os dereitos de explotación económica da obra son en exclusiva do Ministerio de Educación.

Presentación 5

ÁNGEL GABILONDO. *MINISTRO DE EDUCACIÓN*

Presentación 7

ANTONIO BASANTA REYES. *VICEPRESIDENTE EXECUTIVO E DIRECTOR XERAL DA FUNDACIÓN GERMÁN SÁNCHEZ RUIPÉREZ*

Autoavaliarse para que? 9

ELENA MARTÍN. *CATEDRÁTICA DO DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN. UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE MADRID*

Como construír unha ferramenta para a biblioteca escolar?

Os obxectivos 16

Os referentes internacionais 17

O proceso de traballo 18

A autoavaliación baseada en preguntas 19

As dimensións de avaliación 19

As características da ferramenta 22

Ferramenta de autoavaliación 24

FOLLAS DE TRABALLO 25

1. Plan de autoavaliación 26

2. Datos básicos da biblioteca 28

3. Dimensións, indicadores e niveis de logro 30

A. Valor e integración no centro 31

B. Accesibilidade 37

C. Visibilidade 48

D. Apoio ao currículo 52

D1. Análise de necesidades e oferta de servizos 53

D2. Adecuación dos recursos documentais 59

D3. Coordinación pedagóxica 65

D4. Competencias en lectura e escritura 69

D5. Competencia dixital, en información e para aprender a aprender 74

D6. Competencia social e cidadá 79

E. Usos e usuarios 82

F. Planificación e avaliación 91

G. Equipo de traballo 98

H. Comunidade profesional 107

I. Pontes coa comunidade 114

Anexo. Táboa de valores numéricos, en función do tamaño do centro 117

4. Folla resumo 118

MANUAL DE USO 128

De que elementos consta a ferramenta? 129

Como usar a ferramenta? 132

CONSELLOS DE...

OLGA SERRA. *DIRECTORA XERAL DA FUNDACIÓ ESCOLES GARBÍ (BARCELONA)* 136

CRISTINA NOVOA. *RESPONSABLE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DA XUNTA DE GALICIA* 138

EULÀLIA ESPINÀS. *EXPERTA EN AVALIACIÓN E XESTIÓN DE BIBLIOTECAS* 140

ISABEL MONGUILOT. *CATEDRÁTICA DE ENSINO SECUNDARIO* 143

GLOSARIO E SIGLAS 145

Presentación

Ángel Gabilondo. *Ministro de Educación*

Unha das preocupacións máis perentorias para o Ministerio de Educación é favorecer nos escolares a súa capacidade para acceder á información, comprendela e reflexionar sobre ela para aplicala en diversas situacións da vida real. Este é o sentido que lle damos hoxe á competencia lectora, cuxo significado cambia de acordo cos cambios sociais e culturais.

Hoxe xa non concibimos o saber como información que se almacena na memoria, senón como un conxunto de coñecementos e destrezas que lles permiten aos individuos dar respostas a problemas que se presentan nas diversas esferas da actividade social. A competencia lectora imponse como o medio fundamental para a construción destes saberes funcionais.

Somos conscientes de que hoxe un lector competente non é só quen comprende literalmente os textos, senón tamén quen sabe interpretar a información e reflexionar sobre ela para poder usala; pero tamén quen sabe moverse con éxito entre a sobreabundancia de información na rede, quen é capaz de organizala e compartila, de poñer en relación informacións que están en moi diversos lugares e quen, ademais, é capaz de valorar a súa fiabilidade, a súa obxectividade e a súa pertinencia en relación coa finalidade da lectura.

Obxectivos como estes, tan ambiciosos e tamén tan decisivos —non só para o éxito académico e profesional, senón para seguir aprendendo máis aló do período escolar e para exercer a cidadanía activa nun mundo complexo e cambiante como o noso— implican ademais o conxunto dos cidadáns, non a unha minoría letrada como no pasado. Todo iso require uns centros educativos dotados non só con recursos materiais idóneos, senón cunhas formas de organización e uns métodos de ensino e de aprendizaxe nos que a construción dos coñecementos a partir da lectura e o manexo de textos moi variados sexa o criterio reitor.

Un elemento fundamental para o logro destes obxectivos son as bibliotecas escolares. A Lei orgánica de educación, promulgada no ano 2006, establece non só a obrigatoriedade de que os centros dispoñan de bibliotecas e o compromiso das administracións educativas de dotalas de forma progresiva, senón que define a súa función de acordo coas novas necesidades educativas do presente: «contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico destes».

Neste camiño aberto pola LOE sitúanse os diferentes plans de lectura e bibliotecas que elaboraron as comunidades autónomas nos últimos anos, así como os diversos programas, proxectos, premios, directrices e publicacións impulsados polo Ministerio de Educación no marco da Cooperación Territorial.

Nestes anos, a biblioteca escolar foise convertendo nun elemento de suma importancia para os proxectos educativos dos centros e nun instrumento cun papel primordial na práctica educativa polo seu apoio ao labor docente con recursos e procedementos de traballo favorecedores da lectura, do tratamento da información, da lectura crítica e da integración do TIC nas aprendizaxes.

O camiño percorrido foi importante. Temos constancia da existencia de numerosas boas prácticas nos nosos centros educativos e dun crecente número de profesores que se forman na dinamización da biblioteca escolar e que constrúen unha verdadeira cultura educativa, que ten a biblioteca como un eixo importante da acción educativa e como motor para a adquisición das competencias básicas. Por iso, é pertinente a avaliación do traballo realizado. Contar con instrumentos que nos indiquen onde nos

atopamos, se se conseguiron as metas propostas e que aspectos han de se corrixir é esencial para conseguir unha educación de calidade. A reflexión sobre cales son os indicadores idóneos, que instrumentos de medida son os máis adecuados e en que momento e en que ámbitos han de aplicarse é o primeiro banzo para avanzar. A información obtida, e a súa interpretación, permítenos avaliar se a folla de ruta é a correcta e cales son os cambios necesarios para seguir mellorando.

Este é o papel do traballo *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?*, ferramenta de autoavaliación que elaborou a Fundación Germán Sánchez Ruipérez, financiada polo Ministerio de Educación, que, sen dúbida, lles vai permitir aos centros escolares iniciar un camiño de reflexión e indagación acerca do papel e funcionamento da biblioteca escolar. Trátase, pois, dunha ferramenta para a autoavaliación que axudará a observar os propios procesos e penetrar no contexto particular de cada centro escolar, analizar os desfasamentos, albiscar as resistencias internas e imaxinar as posibilidades de mellora.

Dámoslle por iso a benvida a unha publicación que profunda na autoavaliación como un instrumento de mellora da cultura escolar e, no caso que nos ocupa, das prácticas vinculadas ás actuacións ao redor das bibliotecas escolares. As súas indicacións e reflexións serviranlles, sen dúbida, de axuda aos nosos centros educativos no seu propósito de ofrecer unha educación encamiñada a formar cidadáns capaces de lograr os seus obxectivos e de exercer a cidadanía nunha sociedade sometida a grandes cambios. Unha sociedade onde a información e o coñecemento requiren novas competencias, diferentes ás que proporcionaba a escola en épocas anteriores.

Presentación

Antonio Basanta Reyes. *Vicepresidente executivo e director xeral da Fundación Germán Sánchez Ruipérez*

Novamente, a Fundación Germán Sánchez Ruipérez, co apoio e colaboración imprescindibles do Ministerio de Educación e o concurso dun grupo de extraordinarios profesionais e institucións educativas, aproxímase ao sempre esperanzador territorio das bibliotecas escolares.

E é que non entendemos que o progreso sexa posible sen a aposta decidida pola educación, do mesmo xeito que, no contexto da sociedade da información que define a nosa contemporaneidade, se nos antolla impensable a existencia dunha educación que non faga da lectura o seu fundamento, a súa identidade, o seu proxecto e o seu anhelos permanente.

Ler é moito máis que unha simple habilidade ou unha destreza. Ler é nutrir a nosa capacidade de entender a realidade que nos circunda, a que nos antecedeu e mesmo a que marcará as pautas dese futuro cada vez máis impredecible, pero que a actitude e a condición lectora farán sempre posible. E humano.

Porque, quen verdadeiramente le vive na permanente dimensión do diálogo; no intento por descifrar e comprender o alleo; na activa curiosidade de desvelar canto ignora, á súa vez, o mellor dos camiños para descubrírnos a nós mesmos.

Ler fainos e fórzanos. Redímenos e vinculáenos. Amplíanos e profúndanos.

Por iso, no contexto educativo a lectura non pode ser un factor complementario ou marxinal. Todo o contrario. Ha de formar parte do propio núcleo substancial do proxecto. Para irrigar a totalidade das materias. Para orientar e vertebrar a totalidade do currículo. Para converterse nunha tarefa colectiva, na que a comunidade escolar participe, consolidada coa presenza da ilusión e do esforzo, da aventura e a disciplina, do traxecto individual e colectivo, do texto e a imaxe, da ficción e a non ficción... Sobre a lectura podemos levantar o máis

impresionante edificio educativo. Sen ela, todo estará exposto ao inconsistente, ao incompreensible, ao inalcanzable, ao quebradizo.

A calidade dun centro é tamén, e talvez por encima de calquera outro factor valorativo, a calidade da súa aspiración lectora. O seu acordo no común afán de conseguir alumnos, pais e docentes interesados por canto ocorre ao seu redor; con capacidade de interpretalo e comprendelo; co espírito crítico de quen sabe seleccionar e valorar; co exercicio creativo que toda lectura sempre achega; e que fagan de semellante experiencia un material de enriquecemento persoal. E de intercambio, de relación, de comunicación con cantos nos rodean. Ou, dito de maneira máis simple: a calidade dun centro educativo, e dun sistema educativo no seu conxunto, mídese pola súa capacidade de xerar, manter e desenvolver máis e mellores lectores.

En todo iso, a función das bibliotecas escolares é estratéxica. E urxente a necesidade da súa continua mellora.

Para iso especificamente naceu *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?*: co desexo de lles proporcionar aos centros educativos unhas pautas de avaliación das súas bibliotecas que lles permitan coñecer, dun modo obxectivo, flexible e integrado, a realidade destas, as súas fortalezas e debilidades, así como achegarlles a maneira de enriquecer canto ofrecen cada unha desas bibliotecas escolares. Quixemos ser

minuciosos, camiñar a pasos contados, esixirnos a máxima claridade e aplicabilidade en canto suxerimos, para que realmente esta sexa unha ferramenta definida pola utilidade e a eficacia. E para que sirva ao propósito de dispoñer dunhas bibliotecas escolares máis vivas e útiles, que é o que realmente pretendemos.

Nada diso sería factible sen a colaboración de quen desde a dirección fixo realidade este estudo: Inés Miret, Mónica Baró, Teresa Mañá e Inmaculada Velloso. De Elena Martín e Luís González, que maxistralmente coordinaron o desenvolvemento do traballo. Das persoas que nos prestaron o seu apoio e xenerosa asesoría: Eulàlia Espinàs, Isabel Monguilot, Cristina Novoa, Pilar Sampedro e Olga Serra. E, moi en especial, dos docentes e centros educativos que participaron na elaboración desta proposta, exemplo todos eles de compromiso lector: Carmen Cuesta (IES Juan de Herrera), María José Díaz (IES El Escorial), Pilar Morais (CEIP Bartolomeu Cossío), Carmen Pardo (IES Vila de Gràcia) e Mariona Trabal (CEIP Escola Orlandai). A todos eles, a miña gratitude máis sincera. E a miña máis sentida admiración.

O século XX foi o século da lectura (nunca antes a Humanidade alcanzou taxas semellantes de alfabetización). O século XXI é xa o século dos lectores. Oxalá tamén o sexa das nosas queridas —e imprescindibles— bibliotecas escolares.

Autoavaliarse para que?

Elena Martín. *Catedrática do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación. Universidade Autónoma de Madrid*

Se houbera que elixir o tema que experimentou maior auxe no ámbito da educación escolar durante o último medio século, creo que podería concitarse un amplo consenso en que este foi o da avaliación educativa (Tiana, 2009). Con todo, o avance dos procesos de avaliación foi moi desigual, tanto desde o punto de vista das súas funcións como dos niveis e ámbitos nos que se levou a cabo. Polo que respecta ao primeiro, a rendición de contas é a función á que se outorgou primacía. A idea de que é imprescindible ter información acerca do funcionamento dos sistemas educativos e de que os responsables da súa marcha, nos distintos niveis, deben xustificar o uso que se fai dos recursos que se invisten en educación, pasou a formar parte da cultura educativa. Que dicir da función de mellora? No discurso teórico e no que se asume oficialmente desde os organismos internacionais e as administracións educativas, a resposta sería clara: a mellora é a función por excelencia. Certamente, a meta inherente á avaliación, e por iso irrenunciable, é a mellora. Todo proceso intencional —e a educación formal éo esencialmente— require de procedementos que permitan comprobar en que medida se van conseguindo as metas perseguidas, co fin de poder reaxustar os procesos a partir da información obtida. De non contar con estes mecanismos de avaliación, a calidade queda en dúbida.

Pode apreciarse, con todo, unha distancia notable entre a declaración de intencións de facer reverter os resultados da avaliación en actuacións de mellora, e a realidade das políticas educativas e dos plans dos centros escolares (Coll e Martín, 2006). As razóns desta, en ocasións, escasa repercusión da avaliación en medidas concretas que impulsen a calidade do ensino, poden ser varias. En primeiro lugar, algúns procesos de avaliación están basicamente centrados nos resultados e apenas ofrecen información acerca dos procesos. Sen poder desentrañar as causas da situación que os datos da avaliación describen, non é posible planificar melloras. Doutra

banda, a unidade de análise de gran parte dos estudos de avaliación fai difícil derivar actuacións concretas, xa que adoita referirse ao conxunto do sistema educativo —nacional ou autonómico—, e a realidade dos centros é moito máis diversa do que as tendencias xerais poden mostrar. Pero, quizais, a razón máis importante sexa que resulta inxenuo pensar que dos datos dunha avaliación poden derivarse directamente propostas de intervención. Os datos non falan por si mesmos. Necesitan ser interpretados, e toda interpretación require á súa vez dun marco teórico. Traducir os resultados da avaliación a plans de actuación supón un coñecemento experto propio, o que, á súa vez, significa profesionais cualificados que traballen nesta *interfase* entre resultados e planificación. Parte dese coñecemento experto consiste en entender que ningún aspecto relevante da educación escolar pode modificarse de forma simple actuando unicamente sobre un factor. Como toda realidade social, o ensino responde a unha lóxica multicausal e interactiva. Son múltiples as variables que inciden en calquera ámbito da realidade educativa, e a actuación sobre unha delas afecta ás outras como partes dun mesmo sistema. A relación entre avaliación e mellora non é, pois, simple nin inmediata e require, entre outras cousas, diferenciar con lucidez que pode esperarse de cada nivel e ámbito no que se aplica (Martínez Rizo, 2009).

Os focos actuais da avaliación

Nas últimas décadas, o foco prioritario da avaliación estivo en coñecer os niveis de rendemento alcanzados polos estudantes. Os estudos pioneiros da IEA (*Association for the Evaluation of Educational Achievement*) sobre matemáticas e ciencias (TIMMS) e a proba de comprensión lectora que esta mesma organización aplica en 4.º curso da educación primaria (PIRLS), xunto cos máis recentes da OCDE agrupados baixo o programa PISA, son os referentes máis claros de ámbito da avaliación. Trátase en todos estes casos, como é xa ben coñecido, de avaliacións internacionais, nas que a unidade de análise dos datos é o país, ou a rexión, ou a comunidade autónoma que desexa contar cunha mostra representativa da súa poboación escolar¹. Os resultados, polo tanto, son de utilidade sobre todo para as Administracións educativas, que constitúen, de feito, a audiencia dos informes destes organismos.

No entanto, aínda que os centros escolares non poden ver reflectida a súa realidade concreta nestas avaliacións —nin sequera se formaron parte da mostra—, a mensaxe acerca do tipo de competencias que deben ser a meta do ensino ha ir calando na cultura escolar. As probas están elaboradas desde o enfoque das competencias (DESECO-OCDE, 2005, Perrenoud, 2004). Nos informes non se ofrecen unicamente os resultados de aprendizaxe, senón que se achega un valioso marco teórico que desentraña os procesos psicolóxicos e os distintos tipos de habilidades que se postula subxacen ás preguntas da proba. Este desenvolvemento teórico e os propios ítems que compoñen as probas convertéronse, para aqueles docentes e profesionais da educación atentos aos procesos de innovación, nun referente que pode axudar a entender o complexo enfoque das competencias (Monereo, 2009).

Este tipo de estudos ten, sen dúbida, debilidades (véxase, por exemplo, o monográfico de *Revista de Educación* do 2006 sobre PISA), pero cumpren unha función importante ao ofrecer un referente común que permite establecer análises compartidas por un número cada vez maior de países. O seu valor non reside unicamente na información que se ofrece acerca dos niveis de rendemento, senón na identificación que nos estudos se fai dos factores asociados aos resultados. Aínda que estas variables non poden interpretarse como causa dos niveis de aprendizaxe, si sabemos que se trata de elementos dos sistemas educativos sobre os que é preciso actuar se se quere mellorar a calidade do ensino. A pesar de non ser estudos que se centren propiamente nos procesos, as cada vez máis sofisticadas análises de factores asociados abren unha porta á mellor comprensión dos cambios que poderían ser necesarios. Neste mesmo sentido, resultan moi interesantes as novas liñas de avaliación que, estas si, teñen xa como obxectivo explícito analizar aspectos clave da calidade, máis aló dos seus resultados. O estudo TALIS (*Teaching and Learning International Survey*) (OCDE, 2010) acerca das prácticas do profesorado é un exemplo claro desta nova tendencia, que sería desexable que crecese.

A liña marcada polos programas da IEA e a OCDE non só tivo repercusión directa a través dos seus informes de resultados, senón tamén na medida en que influíu de forma moi notable nas probas nacionais. No caso español, as

avaliacións xerais de diagnóstico, establecidas pola LOE, así como os programas que a maioría das administracións educativas autonómicas puxeron en marcha nas súas comunidades, responden ao enfoque de avaliación de competencias iniciado polas organizacións internacionais. Con todo, a función deste tipo de avaliacións é diferente, xa que nelas se realizan as análises para cada centro e cada alumno. Neste caso, ao recibir o colexio ou instituto os resultados do seu alumnado —agregados por curso, pero tamén individualizados en moitos casos—, e ao poder interpretalos ademais en comparación con outros centros de contextos socioculturais semellantes, as posibilidades de interpretar estes datos en termos de actuacións de mellora son moito maiores. No entanto, unha vez máis, elaborar un plan de mellora implica un proceso complexo, no que a información que achegan estas avaliacións diagnósticas é só una das pezas.

Aínda que as institucións escolares poden facer uso das avaliacións diagnósticas, estas non constitúen propiamente unha avaliación de centros. O centro educativo é a unidade básica de calidade, e non o son nin o docente, nin a aula, nin o sistema no seu conxunto. Os enfoques de eficacia escolar e de mellora da escola expoñen nos seus supostos que é na escola onde toman corpo os factores de calidade (Murillo, 2005; Murillo e Muñoz Repiso, 2005). A calidade do ensino depende, primeiro de nada, dos procesos de planificación e desenvolvemento da práctica educativa dun equipo docente que, en colaboración coas familias, axusta a súa intervención ás características específicas do seu alumnado. O centro é a unidade de calidade e debería ser, por tanto, a unidade esencial de avaliación. Con todo, a realidade non se corresponde con este suposto.

A avaliación dos centros escolares

A cultura de avaliación de centros é aínda escasa en España. De feito, a LOE unicamente fai unha mención sucinta a ela nos seguintes termos: «Nas avaliacións de centros que poderán levar a cabo polas Administracións, ademais das avaliacións internas, teranse en conta as situacións socioeconómicas e culturais das familias e alumnos que acollen, a contorna do propio centro e os recursos de que dispón». Esta escasa presenza na normativa básica tampouco tivo demasiado desenvolvemento

por parte das comunidades autónomas, nin se produciu un apoio xeneralizado a este nivel da avaliación como o que se levou a cabo nas probas de rendemento académico. O modelo da calidade total (EFQM), derivado da preocupación do mundo da empresa polos sistemas de control de calidade, supuxo un fito na avaliación de centros. Moitos deles viñérono aplicando nos últimos anos e algunhas Administracións impulsárono directa ou indirectamente (Martínez e Riopérez, 2005). Xunto con este programa pioneiro desenvolvéronse outros modelos de xestión da calidade que, en conxunto, han ir gañando presenza. A maioría das entidades titulares de centros privados incorporaron os seus colexios a estes procesos, e son tamén frecuentes os colexios e institutos públicos que traballan nesta liña. No caso das institucións que imparten ensinos de Formación Profesional, é tamén habitual someterse á acreditación ISO outorgada por AENOR. Con todo, non podemos falar de que esta sexa unha realidade xeneralizada a todos os centros escolares nin asumida como unha tarefa incorporada á actividade cotiá de calquera institución escolar. Por outra banda, en todos estes casos trátase de avaliacións externas e que non sempre abarcan todo aquilo que debe ser valorado. Unha avaliación global da calidade require atender, polo menos, a catro aspectos, como expuxeron fai xa máis de vinte anos Stufflebeam e Shinkfield (1987): o contexto, o punto de partida (*input*), os procesos e os produtos (CIPP). Levar a cabo a avaliación dun centro escolar implica abordar conxuntamente todos estes aspectos e combinar a mirada externa e a interna.

Como noutros temas, no debate sobre a avaliación externa e interna expúxose durante moitos anos un falso dualismo. Non parece que exista xustificación algunha para ter que lle facer elixir a un centro entre unha e outra. A combinación de ambas as dúas potencias as vantaxes de cada enfoque e reduce as súas respectivas limitacións (Martín, 2011). Hai determinados aspectos aos que é imposible acceder se non é mediante unha avaliación interna. A comprensión profunda e cabal do funcionamento do centro reclama ter en conta a perspectiva de quen pertence a este, supón aproveitar a riqueza que provén de poder centrar a análise nos procesos, e non só nos produtos, e de facelo ademais a través de moitos indicadores que non poden medirse a través de instrumentos estandarizados pechados. Na avaliación interna pódese atender aos

aspectos específicos e diferenciais de cada colexio ou instituto, aos que necesariamente hai que renunciar cando a mirada se centra no común, como é o caso da avaliación externa. Con todo, esta ten tamén achegas moi interesantes. En primeiro lugar, ofrece outra perspectiva que, precisamente por ser externa, pode destacar elementos menos evidentes para os membros da comunidade educativa. Permite tamén interpretar os datos do centro desde a comparación con outros colexios e institutos semellantes, o que lles dá un novo significado. Desafortunadamente, se a avaliación externa dos centros non conseguiu aínda consolidarse, a interna tampouco é unha realidade habitual no sistema educativo español. Con todo, a autoavaliación debería ser a perspectiva irrenunciable dun proceso de valoración da calidade. Sen ela, a avaliación resulta de xeito evidente incompleta.

Que achega a autoavaliación?

As teorías do desenvolvemento humano entenden que este consiste nun progreso desde a heterorregulación á autorregulación; dun estado no que a persoa necesita aínda que se lle guíe desde fóra, a cargo doutros que son máis expertos, a unha situación na que ela mesma conta xa con recursos propios que lle permiten dirixir a súa vida. Esta analoxía pode axudar a entender a relación entre a avaliación externa e a autoavaliación. Do mesmo xeito que ningún ser humano poderá nunca prescindir das achegas esenciais que lle brindan os demais, un centro escolar sempre enriquecerá a comprensión do seu funcionamento coa perspectiva da avaliación externa, pero o progreso cualitativo producirase na medida en que someta a reflexión o seu ensino mediante un proceso interno, conxunto e recursivo.

No frontispicio do templo grego de Delfos figuraba unha das máximas desta cultura: *Coñécete a ti mesmo*. Esta sería a meta da autoavaliación: identificar e comprender os procesos de funcionamento do centro escolar que poden dar conta da calidade da educación que reciben os estudantes. A avaliación interna permite analizar os procesos cun nivel de detalle e de complexidade difícil de obter por outros procedementos. Desde dentro do colexio ou instituto ése consciente de aspectos clave que non resultan fáciles de percibir desde fóra.

Con todo, a mirada interna pode pecar de falta de perspectiva. Cando as persoas construímos unha explicación dos acontecementos que nos rodean, non é probable que cambiemos esa forma de ver o mundo por mecanismos propios. De aí a importancia de que na autoavaliación participen os distintos colectivos que compoñen a comunidade escolar. A peculiar forma de situarse ante a educación dos docentes, os estudantes e as familias contribúe á pluralidade de perspectivas que resultan imprescindibles para evitar que a autoavaliación dea lugar a unha análise empobrecida. Esta riqueza de puntos de vista pode producirse igualmente dentro destes colectivos, onde, por sorte, conflúen concepcións diversas. De non contar con este contraste de achegas e de formas de interpretar a realidade, a autoavaliación corre o risco de converterse nunha constatación de obviedades ou nun discurso de autocompracencia. Con todo, non resulta intuitivo valorar o contraste de puntos de vista; estar convencido de que, ao non existir unha verdade obxectiva, a vía para aproximarse á comprensión máis cabal é adoptar un enfoque que obrigue as distintas perspectivas a dialogar entre si, promovendo con iso un razoamento cada vez máis rigoroso e lúcido. Cando non se reflexionou sobre a riqueza do perspectivismo, téndese a pensar inxenuamente que a confluencia de moitas voces só complica innecesariamente o proceso, e por iso é polo que a miúdo non se promove suficientemente a participación.

A riqueza de perspectivas non é, con todo, o único argumento que xustifica a importancia de que a autoavaliación se planifique coa participación conxunta dos distintos membros do centro escolar. A súa implicación é a outra meta. Levar a cabo a autoavaliación coa máxima información, vencer as resistencias que a miúdo provocan os resultados e, sobre todo, impulsar os procesos de mellora que dela se deriven, implica contar co compromiso do maior número de persoas do centro. Contar con eles non só como informantes, senón nos distintos pasos do proceso: definición das metas e funcións, deseño dos instrumentos, recollida de datos, interpretación destes e elaboración e desenvolvemento do plan de mellora. O seu papel será diferente dependendo da súa responsabilidade no centro, e acoutar ben a achega de cada quen é unha das tarefas do equipo que coordina a avaliación.

Unha instantánea da situación do centro nun momento dado ten sen dúbida valor, pero, como no caso da avaliación dos estudantes, o

importante é a evolución: progrésase, retrocédese ou obsérvase unha situación de estancamento? Na avaliación, interna ou externa, a análise de tendencias é esencial. O mesmo dato significa cousas moi distintas cando se compara coa situación anterior no canto de tentar interpretalo en termos absolutos. De aí o terceiro atributo de toda autoavaliación: a recursividade. A avaliación interna debe repetirse cunha periodicidade estable e cada novo proceso ten que nutrirse das experiencias anteriores e modificálas a partir do aprendido nelas. Non nos referimos aquí ás consecuencias da autoavaliación, das que falaremos inmediatamente, senón á valoración da propia avaliación. Este nivel metarreflexivo, no que o propio proceso de autoavaliación se somete a revisión, é unha garantía de que o proceso non se anquiloise e perda con iso funcionalidade. A periodicidade coa que debe replicarse o proceso dependerá da natureza do ámbito que se estea analizando, pero en xeral hai que pensar que os cambios no ensino levan tempo, polo que non adoita ter moito sentido utilizar períodos inferiores a dous anos.

A periodicidade está relacionada, por outra banda, coa meta da autoavaliación. Neste caso vese con máis claridade que en ningún outro que a función é a mellora e, como tal, o obxectivo está indisolublemente unido á forma en que se leve a cabo. O propio proceso de autoavaliación pode producir xa en si mesmo cambios favorables para o funcionamento do centro. A autoavaliación é un proceso de toma de conciencia, e facer explícitos aspectos da realidade que ata ese momento permanecían alleos ao noso coñecemento é, en si mesmo, positivo. É ben sabido que comprender mellor un fenómeno non garante que sexamos capaces de cambialo, pero non o é menos que sen esta comprensión os cambios poden ser erráticos.

Para que a comprensión se traduza en mellora é preciso elaborar un plan de actuación, con todo o que iso leva. En primeiro lugar, hai que interpretar os datos obtidos na autoavaliación e derivar deles algunhas conclusións acerca das cales exista un consenso amplo. O acordo debe guiar tamén a decisión acerca das actuacións prioritarias. Non pode cambiarse todo á vez. Acertar nas prioridades é un paso básico. É preciso traducir estes cambios en secuencias de actuacións o máis precisas posible. A precisión non debe interpretarse como simpleza. Trátase de

procesos complexos que, polo tanto, non poden reducirse a meras accións. Todo cambio leva transformacións nas formas de pensar dos implicados, coordinación entre eles, tensións inevitables, avances e retrocesos, en síntese, dinámicas que custa tempo e esforzo establecer, e máis aínda consolidar. Estes procesos son os que deben planificarse, sendo conscientes de que o reto non é tanto acertar no seu deseño canto acompañar o seguimento da súa posta en marcha, concitando o apoio dun grupo substantivo dos implicados que manteña o esforzo que implica toda protocolización dunha nova rutina.

Os plans de mellora fanse para impulsar procesos de innovación. Os centros, do mesmo xeito que as persoas, son resistentes ao cambio. Os estudos sobre organización e cultura escolar poñen de manifesto as dificultades na xestión do cambio, á vez que destacan a transcendencia de saber impulsar estes procesos (Fullan, 2002). A autoavaliación é unha panca para promover a innovación. Ao establecer o hábito de reservar tempos e comprometer estruturas para a reflexión sobre o funcionamento do centro, vaise creando unha cultura profesional colaborativa que é a mellor garantía para a calidade (Hargreaves, 1999). Un centro que se repensa é un centro que avanza.

Como todo o que é relevante, a autoavaliación non é fácil. Un dos perigos é, precisamente, considerar que ao tratarse dun proceso interno non require de especiais condicións. A primeira condición é establecer a estrutura que vai coordinar o proceso e o papel que van ter o resto dos participantes. Contar cun equipo que lidere a autoavaliación constitúe, sen dúbida, un requisito básico para impulsar o proceso. Liderar non é suplir a competencia dos demais concentrando no equipo todas as responsabilidades, senón, pola contra, conseguir implicar a maior cantidade de persoas posible, pero cunha organización que permita alcanzar resultados que animen a seguir coa experiencia.

Nalgúns casos, poida que o proceso requira o asesoramento dun experto no tema da avaliación de centros en xeral ou nalgún dos aspectos que se queiran valorar en concreto, sobre todo nos primeiros momentos de posta en marcha da experiencia. Se o experto realiza ben a súa función, a súa pericia pasará aos docentes ou ao resto da comunidade educativa durante

o propio proceso de asesoramento, polo que a súa presenza deixará de ser necesaria no futuro.

O que, sen dúbida, contribúe a realizar unha autoavaliación é contar cos instrumentos adecuados. Avaliar supón identificar as dimensións relevantes no proceso que se está valorando, desentrañar os elementos que poidan estar subsumidos en cada unha delas, deseñar indicadores que axuden a identificalos e, o máis difícil de todo, establecer niveis de logro que permitan recoñecer os pasos ou fases que permitan o avance. Non resulta fácil elaborar instrumentos que respondan a estas características, polo que unha das axudas máis importantes para un centro é contar con ferramentas deste tipo. Nalgúns casos, estes instrumentos inclúen orientacións acerca de como recoller a información, é dicir, o tipo de fontes e de informantes, así como os procedementos e momentos máis adecuados para facelo.

Os resultados da autoavaliación ofrecen unha información moi valiosa en si mesma, que, no entanto, se enriquece cando se repite periodicamente o proceso, como se comentou anteriormente. Pero, tamén é posible completar a interpretación dos datos establecendo comparacións con outros centros, sempre que a realidade destes sexa semellante nas dimensións esenciais que dan sentido á comparación. Obviamente, isto implica contar cunha rede de colexios ou institutos que participen no proxecto. Nalgúns casos, quen elabora instrumentos de autoavaliación impulsa redes desta natureza. De non existir esta oferta, poden ser os propios centros os que tomen a iniciativa para coordinarse, co fin de compartir tanto os resultados da avaliación como as posibles actuacións de mellora.

Referencias bibliográficas

Coll, C. y Martín, E. (2006). Evaluaciones de rendimiento escolar y procesos de cambio curricular en España entre 1990 y 2005. Análisis de un caso. En Dolz (ed.), *Recherche sur les curriculums, développement et pilotage*, pp. 78-109. Bruselas: De Boek.

Fullan, M. (2002). *Los nuevos significados del cambio en la educación*. Barcelona: Octaedro

Hargreaves, A. (1999). *Profesorado, cultura y postmodernidad*. Madrid: Morata.

Martín, E. (2009). Currículo y evaluación estandarizada: colaboración o tensión. En E. Martín y F. Martínez Rizo (coords.), *Avances y desafíos en la evaluación educativa*. Madrid: OEI.

Martín, E. (2011). El asesoramiento en los procesos de evaluación de la calidad de un centro escolar. En E. Martín y J. Onrubia (coords.), *Orientación educativa y procesos de innovación y mejora de la enseñanza en la educación secundaria. Colección Educación Secundaria. N.15. Vol. III*. Barcelona: Graó.

Martínez, C. y Riopérez, N. (2005). El modelo de excelencia en la EFQM y su aplicación para la mejora de la calidad de los centros educativos. *Educación XXI*. 8, pp. 35-65.

Monereo, C. (coord.) (2009). *Pisa como excusa. Repensar la evaluación para cambiar la enseñanza*. Barcelona: Graó.

Murillo, J. (2005). *La investigación sobre eficacia escolar*. Barcelona: Octaedro.

Murillo, J. y Muñoz Repiso, M. (coords.) (2005). *La mejora de la escuela. Un cambio de mirada*. Barcelona: Octaedro.

OCDE (2005). *La definición y selección de competencias clave (DeSeCo). Resumen*. Consultado el 2.04.10 en:
<http://www.deseco.admin.ch/bfs/deseeco/en/index/02.html>

OCDE (2010). *Teaching and Learning International Survey (TALIS)*. París: OCDE. Consultado el 24/2/2010 en
http://www.oecd.org/document/0/0,3343,en_2649_39263231_380521_60_1_1_1_1,00.html

Perrenoud, P. (2004). *Diez competencias para enseñar*. Barcelona: Graó.

Stufflebeam D.L. y Shinkfield, A.J. (1987). *Evaluación Sistemática. Guía teórica y práctica*. Barcelona: Paidós-MEC.

Tiana, A. (2009). Evaluación y cambio educativo: los debates actuales sobre las ventajas y los riesgos de la evaluación. En E. Martín y F. Martínez Rizo (coords.), *Avances y desafíos en la evaluación educativa*. Madrid: OEI.

Notas

1. En PISA 2009 participaron 14 das 17 comunidades autónomas, xunto con Ceuta e Melilla.

Como construír unha ferramenta para a biblioteca escolar?

Os obxectivos

Construír unha ferramenta de autoavaliación de (e para) a biblioteca escolar no noso contexto educativo non é unha tarefa fácil, polo menos, desde tres puntos de vista. A escasa cultura de avaliación interna nos centros educativos, o desenvolvemento desigual das bibliotecas escolares e a ausencia duns estándares aceptados polas Administracións educativas, que fixen os requisitos de funcionamento, son barreiras importantes para crear instrumentos que promovan a autoanálise e repercutan nunha mellora continuada das bibliotecas escolares.

A orixe da ferramenta de autoavaliación *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?* está nun proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Educación, que permitiu abordar as tarefas implicadas na súa concepción, desenvolvemento e posta en práctica de forma piloto. A iniciativa expúxose no marco das accións que destacan o papel da avaliación nos procesos de implantación das bibliotecas escolares e a súa finalidade era crear unha ferramenta manexable, adaptable a distintas realidades e tipoloxía de centros, de interese para axentes diversos (responsables da biblioteca, equipos docentes, equipos directivos) e orientada á definición de plans de mellora.

A FERRAMENTA PRETENDE...

- Ser unha guía práctica que oriente, paso a paso, a avaliación interna.
- Constituírse nun instrumento útil para unha mellora planificada.
- Fortalecer a autonomía dos centros e impulsar decisións para a integración curricular da biblioteca.
- Fomentar a autoavaliación, entendida como un proxecto de innovación e formación.

Os referentes internacionais

A creación da ferramenta de autoavaliación tomou como referencia numerosos traballos internacionais que inspiraron en boa medida as solucións atopadas, tanto na súa concepción como noutros aspectos formais. En particular, estudáronse en profundidade catro casos: os modelos inglés e escocés, o modelo portugués e o modelo chileno, de aparición posterior ao desenvolvemento desta investigación.

Desde contextos moi diferentes, todos eles comparten algúns elementos básicos: organizan a ferramenta ao redor de distintos ámbitos ou dimensións da avaliación, establecen indicadores para cada unha delas e fixan distintos niveis de logro (catro ou cinco) como referencia para as bibliotecas escolares. Con todo, entre eles aprécianse diferenzas en diversos aspectos:

- A existencia ou non duns estándares previos, que fixen os requisitos de funcionamento dunha biblioteca escolar, como parámetros aceptados polas administracións para a súa implantación.
- A forma de integración da biblioteca nos procesos educativos do centro: a política educativa e curricular, os órganos de dirección e coordinación pedagóxica, a extensión á comunidade...
- O enfoque das dimensións establecidas, máis orientadas nuns casos ao uso e ao papel formativo da biblioteca fronte á xestión dos recursos.
- O grao de detalle dos indicadores e, polo tanto, das decisións sobre o nivel de logro.
- O valor e o peso do cualitativo sobre o cuantitativo na concreción dos indicadores de avaliación.
- As axudas que se ofrecen para acompañar o proceso de toma de decisións.

Entre as referencias estudadas, as máis relevantes foron:

- Os modelos, como o escocés, promovidos pola inspección educativa, que baixo a lema *How good is our school?* proponse un proxecto de autoavaliación de centros escolares ao redor de sete eixos: currículo;

logro educativo; aprendizaxe e ensino; apoio aos alumnos; ethos; biblioteca escolar; xestión, liderado e control de calidade¹. Nesta mesma liña, enmárcase a iniciativa promovida pola Ofsted para a mellora da planificación por medio de procesos de autoavaliación².


- As ferramentas concretas de autoavaliación da biblioteca escolar dirixidas a todos os niveis educativos³ ou proxectos específicos promovidos para centros de educación secundaria de Inglaterra [DfES 2004]⁴.
- Os exemplos de aplicación de ferramentas de autoavaliación da biblioteca escolar en centros de educación infantil e primaria ingleses⁵.
- O modelo de avaliación promovido pola Rede de Bibliotecas Escolares do Ministerio de Educación de Portugal, baseado nos modelos ingleses citados⁶.
- No contexto iberoamericano, a recente iniciativa chilena, que fixou uns estándares para as bibliotecas escolares CRA, a partir dos cales se definen distintos niveis de logro, que os centros educativos poden empregar como ferramenta de autoavaliación⁷.

AS PRÁCTICAS INTERNACIONAIS MOSTRAN A IMPORTANCIA DE...

- Orientar a análise cara á integración da biblioteca na política educativa e curricular do centro.
- Organizar a ferramenta situando os recursos ao servizo da acción educativa e das necesidades dos profesores e os alumnos.
- Gardar un equilibrio entre indicadores de carácter cualitativo e cuantitativo. Ambos son importantes.
- Establecer distintos niveis de logro, de modo que as melloras sexan tamén planificadas paso a paso.

O proceso de traballo

No proceso de traballo contouse coa colaboración de catorce profesionais, que achegaron a súa experiencia en distintos momentos. As tarefas organizáronse nas fases de análises e definición, de creación de pautas e instrumentos e de contraste con expertos e probas en centros, segundo se mostra no esquema seguinte.



Esquema 1 – Proceso de traballo

Durante o proceso de traballo seguíronse as seguintes fases:

ANÁLISE E DEFINICIÓN

Selección de boas prácticas internacionais e análises do marco teórico, dos modelos de aplicación e doutras cuestións referidas aos procedementos de aplicación. En paralelo, definición dun marco de indicadores de calidade en relación con distintos ámbitos da biblioteca.

ELABORACIÓN DE PAUTAS E INSTRUMENTOS

Confección das pautas e instrumentos de recollida de información en relación coas dimensións e indicadores de calidade fixados. Definición e ilustración dos niveis de logro.

CONTRASTE CO EQUIPO ASESOR E PROBAS EN CENTROS

Recollida de suxestións do equipo asesor en dous momentos. En paralelo, aplicación ou proba en cinco centros educativos.

EDICIÓN FINAL


Preparación da ferramenta, xunto coas instrucións e materiais para a súa aplicación.

CENTROS EDUCATIVOS PILOTO

- CEIP Bartolomeu Cossío (Madrid)
- CEIP Escola Orlandai (Barcelona)
- IES El Escorial (El Escorial, Madrid)
- IES Juan de Herrera (San Lorenzo del Escorial, Madrid)
- IES Vila de Gràcia (Barcelona)

A autoavaliación baseada en preguntas

A ferramenta pretende desencadear unha reflexión ordenada, baseada en preguntas, que foron agrupadas tomando como referencia o modelo escocés antes descrito.



Esquema 2 – A autoavaliación baseada en preguntas

Como o estamos facendo? Supón chegar a un acordo básico sobre o foco da autoavaliación: en que aspectos centrar a análise en relación cos obxectivos do centro. O marco suxerido convida a unha reflexión ampla sobre o papel da biblioteca no conxunto do proxecto pedagóxico do centro e pon os recursos ao servizo do modelo educativo. Propón, así mesmo, unha reflexión compartida, solicitando distintas perspectivas.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca? Supón aprender a valorar a súa práctica en relación con diversos indicadores de calidade, solicita información relevante e analiza logros e deficiencias. Como axuda, ilústranse distintos niveis de logro e propóñense preguntas e procedementos de recollida de información que axuden a situarse nalgún dos niveis propostos.

Como mellorar? Supón facer un balance dos puntos fortes e débiles da biblioteca, o que permite avanzar nun plan de mellora. Inclúe a fase de planificación e o acordo sobre tarefas prioritarias, así como sobre prazos, responsables e formas de organizar o traballo para levalas a cabo.

Na ferramenta proposta, este proceso de reflexión tradúcese en follas de traballo que poden axudar a sistematizar cada paso.

As dimensións de avaliación

A selección de dimensións de avaliación parte do modelo citado de Stufflebeam e Shinkfield⁸, que establece que a avaliación non pode limitarse a comprobar se os obxectivos foron alcanzados, senón que se debe abranguer tamén a información sobre como se está desenvolvendo o programa obxecto de estudo para conseguir melloralo.

O modelo teórico, tamén coñecido como CIPP, estrutura as dimensións de avaliación ao redor de catro niveis de análise: contexto (*Context*), entrada (*Input*), proceso (*Process*) e produto (*Product*). Neste marco, o contexto refírese ás variables da contorna, así como ás condicións nas que se desenvolve o programa obxecto de avaliación; o Input ou entrada reflicte a situación sobre a que se vai aplicar; os procesos inclúen os aspectos implicados no desenvolvemento do plan proposto; finalmente, o produto ou impacto considera os logros do programa. O establecemento de relacións entre os diferentes niveis de análises permite ofrecer unha imaxe completa e integrada do impacto dun programa no proceso de ensino e de aprendizaxe.

Sobre este modelo xeral, expuxéronse adaptacións para acomodarse ás características do traballo, segundo queda reflectido no esquema seguinte:



Esquema 3 – Modelo de análise baseada no modelo CIPP de Stufflebeam e Shinkfield

De acordo co esquema proposto, tómanse como referencia catro niveis de análise:

- Contexto: contempla a análise do contexto educativo (en particular, a existencia ou non dun programa institucional de bibliotecas escolares), das características do centro (tamaño, modalidades formativas...) e da contorna (familias, recursos culturais e educativos da zona, biblioteca pública próxima...). A ferramenta non inclúe pautas específicas para a recollida desta información, posto que habitualmente está dispoñible no Proxecto educativo.
- Entrada: inclúe o valor e integración da biblioteca no centro (apoio do equipo directivo, dotación económica etc.), a análise dos recursos que se lle asignan (de infraestruturas, documentais e humanos), a súa accesibilidade, visibilidade e dispoñibilidade de acordo coas necesidades.
- Procesos en catro ámbitos: centro, aulas, redes de centros e bibliotecas e comunidade educativa. En particular, avalía a integración no centro (na documentación, na relación coas familias...), a análise de necesidades e a oferta de servizos, a coordinación pedagóxica, o apoio da biblioteca ao desenvolvemento das competencias contempladas no currículo (competencias en lectura e escritura; competencia dixital, en información e para aprender a aprender; competencia social e cidadá), a creación de comunidades profesionais e as pontes coa comunidade.
- Impacto: mide as repercusións nos usos e usuarios desde unha perspectiva ampla.

Estes catro niveis comprenden, á súa vez, catorce dimensións de avaliación da biblioteca escolar:

A VALOR E INTEGRACIÓN NO CENTRO

Avalíase o valor que o centro lle concede á biblioteca e o que lle outorgan os distintos compoñentes da comunidade escolar en aspectos como a súa presenza nos documentos fundamentais, os recursos que se lle asignan e a súa participación nos órganos de xestión e coordinación pedagóxica.

B ACCESIBILIDADE

Valóranse distintos aspectos que facilitan o uso da biblioteca tanto desde un punto de vista físico (espazos, equipamentos, sinalización, organización da colección), como en relación coa xestión escolar (horarios, integración da biblioteca de aula...).

C VISIBILIDADE

Valóranse as accións que promove a biblioteca en relación coa difusión (dar a coñecer), a comunicación (convidar á interacción) e a sinalización (situar o espazo) no conxunto do centro.

D APOIO AO CURRÍCULO

D1 ANÁLISE DE NECESIDADES E OFERTA DE SERVIZOS

Valóranse os mecanismos para detectar as necesidades dos usuarios (estudantes e docentes) e a adecuación dos servizos para satisfacelas.

D2 ADECUACIÓN DOS RECURSOS DOCUMENTAIS

Valórase se os recursos dispoñibles resultan suficientes para o número de estudantes e docentes do centro e se son adecuados ás necesidades de apoio ao currículo. Valórase tamén o equilibrio temático na composición do fondo e a variedade de soportes, así como as tarefas de expurgo e actualización da colección.

D3 COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Valórase o nivel de integración da biblioteca na actividade pedagóxica, así como as estratexias empregadas para asegurar a coordinación da biblioteca co equipo docente.

D4 COMPETENCIAS EN LECTURA E ESCRITURA

Valórase o papel da biblioteca no desenvolvemento das competencias en lectura e escritura, así como as estratexias específicas que promoven este ámbito.

D5 COMPETENCIA DIXITAL, EN INFORMACIÓN E PARA APRENDER A APRENDER

Valóranse as accións da biblioteca en relación coa alfabetización dixital (que comprende tanto a alfabetización multimedia como en TIC) e a alfabetización en información. Incorpóranse, así mesmo, as accións orientadas a que os alumnos aprendan a xestionar e a regular os propios procesos de aprendizaxe.

D6 COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

Valórase a contribución da biblioteca ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, así como a súa coordinación con accións do centro neste ámbito (dereitos humanos, igualdade, multiculturalidade...).

E USOS E USUARIOS

Avaliase o nivel de actividade que ten a biblioteca por parte dos usuarios (estudantes e docentes) e o seu grao de satisfacción.

F PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN

Valórase o plan anual da biblioteca (a súa concreción, a súa operatividade, o seu grao de formalización e actualización) xunto coas estratexias de avaliación previstas. En ambos os casos, valórase a implicación de distintos axentes (docentes, estudantes, comisión de biblioteca, Dirección...).

G EQUIPO DE TRABAJO

Neste punto valóranse a dedicación da persoa responsable, a súa formación e as funcións que desempeña. Tamén se interroga polo papel da comisión de biblioteca e o dos equipos de apoio.

H COMUNIDADE PROFESIONAL

Valórase a relación que se establece con programas institucionais de mellora da biblioteca escolar, xa sexan promovidos polas administracións educativas ou por outro tipo de entidades (fundacións...). Así mesmo, avalíase a integración en redes profesionais, asociacións, grupos de traballo, seminarios especializados etc. Por último, valórase a colaboración coa biblioteca pública, así como con outros centros de documentación (centros de profesores, bibliotecas especializadas...).

I PONTES COA COMUNIDADE

Valórase a relación e apertura da biblioteca á comunidade en que está inmersa: relación con entidades, asociacións e outros servizos, así como coas familias, asociacións de antigos alumnos...

As características da ferramenta

Esta ferramenta foi concibida para que poida ser utilizada de forma sinxela. Diseñouse tendo en conta as seguintes características:

- Pretende suscitar un proceso de análise interna e compartida.
- Está deseñada como un protocolo ou folia de ruta que guía, paso a paso, a reflexión.
- Está baseada en preguntas que un centro pode facerse para mellorar os procesos educativos apoiándose na biblioteca.
- Establece pontes cos plans de lectura e escritura e os de TIC, non sempre suficientemente integrados co de biblioteca.
- Céntrase tanto nos produtos como nos procesos.
- Propón unha análise recursiva e periódica (bienalmente).
- Pódese aplicar en colexios de primaria, institutos de secundaria, centros de persoas adultas...

- É personalizable; en función de distintas necesidades, pódense definir itinerarios adaptados.
- Axuda a acordar melloras en función do punto de partida de cada centro.
- Proponse como un documento de traballo aberto, composto por unha colección de follas onde anotar, ampliar, eliminar, compartir...

Notas

1 *How good is our school? Incorporating the six-point scale. Self-evaluation using quality indicators.* Norwich: HM Inspectorate of Education, 2002.

2 *Improving performance through school self-evaluation and improvement planning.* London: Office for Standards in Education, Children's Services and Skills, 2006. Reference No. HMI 2646.

3 *Taking a closer look at the School Library Resource Centre: self-evaluation using performance indicators* SCCC / HMI Audit Unit, 1999.

4 *Improve your library: A Self-Evaluation Process for Primary Schools.* London: DfES, 2004.

5 *Examples of Good Practice in Primary and Nursery School Libraries. A Report by North Lanarkshire Council Education Resource Service.* 2003.

6 *Modelo da avaliação da biblioteca escolar.* Rede da bibliotecas escolares, Ministerio da Educaçao de Portugal, 2010. <http://avaliacao.rbe.min-edu.pt/login.jsp>

7 *Estándares para bibliotecas Escolares CRA.* Gobierno de Chile. Ministerio de Educación, 2010.
http://www.bibliotecas-cra.cl/uploadDocs/201011021326290.Estandares_BibibliotecasCRA.pdf

8 Stufflebeam D.L. y Shinkfield, A.J. (1987). *Evaluación Sistemática Guía teórica y práctica.* Barcelona: Paidós-MEC

Ferramenta de autoavaliación

A ferramenta de autoavaliación *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?* propónse como un documento aberto, composto por un conxunto de follas de traballo que, paso a paso, vai pautando a autoanálise. Todas elas están deseñadas para que queden rexistradas as ideas que vaian xurdindo e inclúen numerosos espazos para anotar, ampliar, eliminar, comentar e deixar constancia das decisións que se van adoptando.

Este instrumento permite documentar o proceso interno dun centro e convida a que o leve a cabo de forma conxunta e recursiva (polo menos, bienalmente).

A ferramenta componse de:

- Follas de traballo
- Manual de uso
- Consellos
- Glosario

Follas de traballo

1. Plan de autoavaliación
2. Datos básicos da biblioteca
3. Dimensións e indicadores de logro: do **Á** ao **I**
 - Como o estamos facendo?
 - Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?
 - Como mellorar? Folla de avaliación e planificación
4. Folla resumo

1. Plan de autoavaliación

CENTRO _____

COORDINACIÓN DO PROCESO A CARGO DE _____

(nome da persoa responsable da BE)

ITINERARIO ELIXIDO

- ☐ Completo (dimensións do Á ao I)
- ☐ Orientado á integración curricular (dimensións A, D, F e G)
- ☐ Orientado ao balance entre recursos e usos (dimensións B, C, D2, E, F e G)

- ☐ Itinerario personalizado. Indicar dimensións avaliadas:

OUTRAS PERSOAS IMPLICADAS

- | | |
|---|--|
| ☐ Comisión de biblioteca (se existe) | ☐ Comisión de Coordinación Pedagóxica |
| ☐ Docentes | ☐ Equipo directivo |
| ☐ Estudiantes | ☐ Claustro |

- | | |
|--|---|
| ☐ Familias | ☐ Asesoría externa |
| ☐ Outros (por exemplo: biblioteca da zona, asociacións profesionais etc.) | |

TEMPO ESTIMADO _____

CALENDARIO DE REUNIÓN

DATA	ASISTENTES
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
11.	
12.	
13.	
14.	

PERIODICIDADE PREVISTA PARA A AUTOAVALIACIÓN

- ☐ Bial
- ☐ Outra. Cal _____

Indicar a data de inicio prevista da seguinte autoavaliación _____

PARA DOCUMENTAR O PROCESO

- ☐ Crearase un cartafol compartido na rede do centro chamado _____
- ☐ Os documentos impresos arquivaranse en _____
- ☐ A persoa responsable de xestionar o arquivo será _____

ACCIÓN

- ☐ Contrastar os resultados cos de autoevaluacións anteriores (se as houber)
- ☐ Elaborar un dossier coa documentación xerada durante o proceso
- ☐ Contrastar os resultados con outros centros en proceso de autoavaliación
- ☐ Difundir os resultados no centro (Claustro, Consello Escolar...)
- ☐ Participar en convocatorias de axudas ás bibliotecas escolares

COMENTARIOS:

Data de realización do plan e persoas que interviñeron _____

2. Datos básicos da biblioteca

Antes de comezar a utilizar a ferramenta de autoavaliación, completa esta ficha para obter unha visión rápida dalgúns datos básicos.

OS MEUS DATOS	
Centro	N.º de alumnos
	N.º de profesores
	Modalidades formativas (indicar)
Contexto	Existe un programa institucional de biblioteca escolar na comunidade autónoma? (si/non)
	Existe unha biblioteca pública na zona? (si/non)
	Outros recursos da contorna (indicar)
Biblioteca	Biblioteca central (si/non)
	Anos en funcionamento
	Bibliotecas de aula (si/non)
	Bibliotecas nos departamentos (si/non)
Instalacións	Superficie (m ²)
	N.º de postos de lectura
	N.º total de computadores
	Outros (CD-ROM, DVD, lectores electrónicos...) (indicar)
	Outros (almacén, sala de computadores...) (indicar)

OS MEUS DATOS	
Colección	Número de ítems
	Variedade de soportes (CD-ROM, DVD, libro electrónico...) (si/non)
	Libros de coñecemento (porcentaxe sobre o total)
	Libros de ficción (porcentaxe sobre o total)
	Catálogo automatizado (si/non)
Equipo de traballo	Profesor/a (si/non)
	Bibliotecario/a (si/non)
	Outros (si/non)
	Antigüidade no cargo
	Dedicación semanal do responsable (n.º de horas)
	Comisión de biblioteca (si/non)
	Equipos de apoio (docentes, estudantes, familias) (indicar)
Xestión e proxectos	Orzamento anual para adquisicións (cantidade estimada)
	Apertura en horario lectivo (semanal) (nº de horas)
	Apertura en horario non lectivo (semanal) (nº de horas)
	Participación en proxectos de innovación e mellora (si/non)

OS MEUS DATOS		
Servizos xerais	Proxecto de biblioteca no centro	(si/non)
	Plan de traballo anual de biblioteca	(si/non)
	Avaliación periódica	(si/non)
	Consulta en sala de materiais impresos	(si/non)
	Consulta en sala de audiovisuais	(si/non)
	Acceso a internet	(si/non)
	Uso de computadores para traballo persoal	(si/non)
	Préstamo individual	(si/non)
	Préstamo de aula	(si/non)
	Préstamo de departamento	(si/non)
	Préstamo interbibliotecario	(si/non)
	Fotocopias	(si/non)
	Obtención de documentos doutras bibliotecas	(si/non)
	Outros (canón de proxección, procesamento de imaxes e vídeo dixital...)	(indicar)

OS MEUS DATOS		
Servizos de información	Dossieres de prensa	(si/non)
	Bibliografías	(si/non)
	Recompilación e selección de recursos de internet	(si/non)
	Sumarios de revistas	(si/non)
	Boletín de novidades	(si/non)
	Información personalizada por correo electrónico	(si/non)
	Web	(si/non)
Programa de actividades (último curso)	Publicacións propias	(si/non)
	Promoción da lectura	(si/non)
	Formación no uso da información e as fontes	(si/non)
	Formación de estudantes no uso de TIC	(si/non)
	Relación co Proxecto de lectura e escritura de centro e co de TIC	(si/non)

3. Dimensións, indicadores e niveis de logro

A. Valor e integración no centro

B. Accesibilidade

C. Visibilidade

D. Apoio ao currículo

D1. Análise de necesidades e oferta de servizos

D2. Adecuación dos recursos documentais

D3. Coordinación pedagóxica

D4. Competencias en lectura e escritura

D5. Competencia dixital, en información e para aprender a aprender

D6. Competencia social e cidadá

E. Usos e usuarios

F. Planificación e avaliación

G. Equipo de traballo

H. Comunidade profesional

I. Pontes coa comunidade

Itinerario completo:



Itinerario orientado á integración curricular:



Itinerario orientado ao balance entre recursos e usos:



Itinerario personalizado:





Valor e integración no centro

Avaliase o valor que o centro lle concede á biblioteca e o que lle outorgan os distintos compoñentes da comunidade escolar en aspectos como a súa presenza nos documentos fundamentais, os recursos que se lle asignan e a súa participación nos órganos de xestión e coordinación pedagóxica.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
A1	Apoio do equipo directivo	No marco da autonomía de xestión dos centros, o equipo directivo non destina recursos para o funcionamento da biblioteca.	O equipo directivo destina ocasionalmente algún recurso (horario do responsable e dos equipos de apoio, orzamento...) para a biblioteca, pero estes non son suficientes para o seu correcto funcionamento.	O equipo directivo destina recursos á biblioteca, pero de maneira non regular nin suxeita a unha planificación.	O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades e impulsa estratexias para implantala, integrala e desenvólvela. Ademais, apoia a biblioteca en todas as súas iniciativas de mellora (presentación a premios, proxectos...). Tamén aparece no Proxecto de dirección do centro, no caso de que exista.
A2	Presenza da biblioteca nos documentos fundamentais de xestión e política curricular do centro	A biblioteca non aparece citada en ningún documento (Proxecto educativo, Proxecto curricular, Programación xeral anual, Plan de lectura e escritura, Plan de TIC...).	A biblioteca cítase como recurso nalgún documento do centro (por exemplo, no Proxecto educativo), pero non se definen as súas funcións. Non se cumpre coa política curricular do centro.	A biblioteca contéplase en varios dos documentos de xestión e política curricular, pero non aparece integrada dun modo sistemático nos documentos do centro (comprensión lectora, hábitos de lectura, lectura dixital, ALFIN...).	A biblioteca contéplase como espazo formativo nos documentos fundamentais do centro. A súa planificación anual incorpórase á Programación xeral anual e a biblioteca aparece nos documentos de promoción e difusión do centro.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
A3	Variedade de órganos do centro nos que participa a biblioteca	A biblioteca non participa en ningún órgano de xestión, planificación e coordinación pedagóxica do centro.	A biblioteca forma parte dalgún órgano de xestión, planificación e coordinación pedagóxica do centro.	A biblioteca mantén contactos periódicos co equipo directivo e forma parte dalgún órgano de xestión, planificación e coordinación pedagóxica do centro.	A biblioteca ten presenza permanente nos distintos órganos de xestión, planificación e coordinación pedagóxica do centro. Especificamente, está integrada na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
A4	Adecuación da dotación económica para as necesidades documentais da biblioteca	A biblioteca non conta con recursos propios de ningún tipo. Os recursos para a adquisición de documentos xestionanse desde os ciclos e/ou departamentos.	A biblioteca recibe esporadicamente algunha dotación económica para adquirir fondos, pero isto non garante a súa correcta actualización (véxase a columna <i>Renovación anual</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	A biblioteca conta cun orzamento anual limitado para a adquisición de recursos, aínda que non queda garantida a actualización do fondo (véxase a columna <i>Renovación anual</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	A biblioteca conta cun orzamento anual para a adquisición de recursos, o que garante unha actualización equilibrada do fondo (véxase a columna <i>Renovación anual</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117). Ademais obtén dotación económica mediante os proxectos de mellora aos que se presenta.
A5	Adecuación da dotación económica para as necesidades xerais da biblioteca	A biblioteca non conta con recursos propios de ningún tipo.	Os gastos ordinarios de funcionamento da biblioteca, os derivados da organización de actividades e as melloras nas infraestruturas supéditanse á dispoñibilidade económica do centro.	A biblioteca dispón dun orzamento anual suficiente para o seu funcionamento ordinario e para organizar actividades. As melloras de infraestruturas supéditanse á dispoñibilidade económica do centro.	A biblioteca dispón dun orzamento anual suficiente para o seu funcionamento ordinario e para organizar actividades. O centro impulsa os investimentos necesarios para as melloras de infraestruturas (espazo, dotacións informáticas...).

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
A6	Apoio das familias	As familias non consideran a existencia da biblioteca como un factor que incida na calidade do centro.	As familias valoran a existencia da biblioteca, pero non se implican en ningún aspecto do seu funcionamento: non asisten ás actividades que esta programa nin prestan o seu apoio cando se lles solicita.	As familias valoran a existencia da biblioteca, responden positivamente ás súas propostas e implícanse nalgúns aspectos. A pesar diso, non existen canles de colaboración expresamente establecidas.	As familias valoran a biblioteca como un elemento clave de calidade do centro e participan moi activamente na preparación e execución das actividades propostas. Están representadas na comisión de biblioteca e colaboran na elaboración e execución do Plan de traballo anual e noutros proxectos.



Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación coa súa integración no centro. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situala nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
1.	Existe unha estratexia de centro para implantar e desenvolver a biblioteca?		
2.	O equipo directivo considera a biblioteca como unha das súas prioridades?		
3.	A biblioteca aparece no Proxecto educativo, Proxecto curricular, Programación xeral anual, Plan de lectura e escritura, Plan de TIC, Proxecto lingüístico...?		
4.	Atribúenselle funcións específicas á biblioteca no Proxecto educativo de centro e fanse explícitas?		
5.	Aparece a biblioteca nos documentos de promoción e difusión do centro?		
6.	As actividades da biblioteca inclúense na programación anual?		
7.	Trátase da biblioteca nas reunións dos distintos órganos do centro?		
8.	Está previsto que a biblioteca presente a súa memoria anual de actuación nalguna das reunións dos órganos xestores do centro?		
9.	No caso de que o responsable da biblioteca non sexa docente, participa en reunións de coordinación pedagóxica en calidade de responsable?		
10.	O responsable da biblioteca mantén reunións co equipo directivo?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Revisar os documentos que definen a política educativa do centro (Proxecto educativo e curricular) e identificar o papel asignado á biblioteca.
- ☐ Organizar unha reunión coa xefatura de estudos e/ou Dirección para valorar logros e melloras.
- ☐ Recoller opinións da comunidade educativa (docentes, estudantes, familias...).
- ☐ Analizar a presenza da biblioteca nos distintos órganos de traballo do centro (orde do día e actas de reunións do claustro, reunións de docentes, comisións, equipos de traballo, reunións coas familias...).
- ☐ Analizar a documentación que se entrega ás familias nas xornadas de portas abertas, xornadas de acollida e outras actividades.
- ☐ Analizar a documentación presentada para concursar en proxectos de innovación.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
11. O responsable da biblioteca mantén reunións cos departamentos/ciclos?		
12. Na orde do día das reunións dos órganos de xestión do centro contéplase un punto específico para tratar da biblioteca?		
13. Cóntase coa biblioteca para a organización de actividades?		
14. Cóntase coa biblioteca en proxectos do centro (inmigración, saúde, ensino bilingüe, mediación escolar...)?		
15. A biblioteca conta cun orzamento propio (autónomo)?		
16. O orzamento renóvase anualmente?		
17. A asignación económica da biblioteca permite manter a actualidade da colección (renovar anualmente o 10%)?		
18. A asignación económica da biblioteca permite planificar e realizar actividades?		
19. A biblioteca tenta captar recursos económicos para o seu desenvolvemento presentándose a concursos de proxectos de innovación educativa, proxectos de mellora etc.?		
20. O centro favorece a renovación e a mellora dos espazos e infraestruturas da biblioteca?		
21. A biblioteca preséntase como un factor de calidade do centro (ás familias, nas memorias...)?		
22. Visítase a biblioteca na xornada de portas abertas?		
23. Fálase da biblioteca nas reunións con familias?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:



Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
A1	Apoio do equipo directivo	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
A2	Presenza da biblioteca nos documentos fundamentais de xestión e política curricular do centro	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
A3	Variedade de órganos do centro nos que participa a biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
A4	Adecuación da dotación económica para as necesidades documentais da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
A5	Adecuación da dotación económica para as necesidades xerais da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
A6	Apoio das familias	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

B

Accesibilidade

Valóranse distintos aspectos que facilitan o uso da biblioteca tanto desde un punto de vista físico (espazos, equipamentos, sinalización, organización da colección), como en relación coa xestión escolar (horarios, integración da biblioteca de aula...).

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
B1	Adecuación do espazo	O espazo da biblioteca é claramente insuficiente e non cumpre coa lexislación vixente. Non ten capacidade nin para un grupo-clase e a súa distribución é moi rixida.	O espazo cumpre coa lexislación vixente e ten capacidade para un grupo-clase, pero non para outras actividades simultáneas. As zonas non están suficientemente delimitadas nin se adaptan ás distintas idades dos usuarios.	O espazo permite traballar cun grupo-clase íntegro e, á vez, son posibles outros usos simultáneos (lectura informal, uso de computadores, préstamo, lectura, consultas a Internet ou actividades en grupo), aínda que as zonas non estean totalmente diferenciadas. Carece de espazos suplementarios.	O espazo permite traballar cun grupo-clase íntegro, co que son posibles outros usos simultáneos. Conta, ademais, con espazos suplementarios anexos ou próximos á sala de biblioteca: almacén, sala de actos, puntos de lectura distribuídos polo centro etc. As zonas están ben identificadas e non se interferen. O espazo está ben aproveitado, sen dar sensación de abafo.
B2	Idoneidade do mobiliario	O mobiliario é antigo, non homoxéneo, procedente do que foi sobrando nas distintas adecuacións do centro.	O mobiliario non é homoxéneo nin moi apropiado para as funcións da biblioteca, aínda que si suficiente.	O mobiliario é aceptable e suficiente, aínda que non foi adquirido especificamente para a biblioteca.	O mobiliario é recente, moderno e adecuado. Ademais, foi adquirido de maneira específica para a biblioteca.
B3	Adecuación do equipamento tecnolóxico	Non hai ningún equipamento tecnolóxico.	A biblioteca só dispón dalgún computador para uso do responsable.	Dispón de varios computadores actualizados e operativos con conexión a internet, para uso do responsable e dos alumnos.	Existe equipamento informático, con varios computadores actualizados e operativos, con acceso a internet e cun espazo diferenciado para uso do alumnado. Ademais, a biblioteca ten equipamento audiovisual propio (reprodutor de CD, DVD, cámaras de fotografía, de vídeo, escáner...).

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
B4	Accesibilidade da colección	Os documentos están almacenados en armarios pechados con chave, sen posibilidade de dispoñer deles cando se necesitan.	Os documentos están almacenados en armarios pechados con chave, pero con posibilidade de obtelos cando se precisan, logo de petición ao responsable.	Gran parte dos documentos están dispoñibles mediante acceso directo na sala central, aínda que algúns grupos se atopan en despacho ou departamentos.	Todos os documentos que compoñen a colección están directamente accesibles e en andeis abertos.
B5	Accesibilidade en liña da colección (catálogos e recursos electrónicos)	Non existe acceso en liña nin ao catálogo nin a ningún tipo de recursos electrónicos ou dixitais.	Existe acceso en liña ao catálogo, pero a ningún outro recurso ou documento electrónico ou dixital seleccionado pola biblioteca (bases de datos, revistas electrónicas, coleccións dixitais...).	Pódese acceder en liña ao catálogo e a recursos electrónicos e dixitais seleccionados pola biblioteca (bases de datos, revistas electrónicas, coleccións dixitais...), pero sen que estes estean organizados.	Existe acceso en liña ao catálogo e a recursos electrónicos e dixitais seleccionados pola biblioteca (bases de datos, revistas electrónicas, coleccións dixitais...), estando dispostos de maneira organizada e clasificada e sendo actualizados periodicamente.
B6	Organización da colección segundo criterios normalizados	A colección non está organizada.	Os documentos están organizados atendendo a algún criterio non normalizado (áreas, número correlativo, ordenación alfabética...).	A colección está organizada utilizando como criterio a ordenación por materias segundo a CDU (Clasificación Decimal Universal), pero só coas subdivisións máis xerais.	A colección está organizada utilizando como criterio a ordenación por materias segundo a CDU e establecendo subdivisións detalladas naquelas materias que o precisen.
B7	Sinalización da colección	A colección non está sinalizada.	Existe algunha sinalización nos andeis, aínda que de tipo moi xeral.	Hai unha sinalización detallada nos andeis e baldas, o que permite orientarse na localización dos documentos.	Existe unha sinalización exhaustiva da colección, incluídos, ademais de carteis en andeis e baldas, planos de distribución da colección e pósters indicando a CDU e a maneira de localizar os documentos no catálogo e nos andeis.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
B8	Integración das bibliotecas de aula na biblioteca do centro (se procede)	As aulas dispoñen de materiais documentais non xestionados pola biblioteca central.	As aulas dispoñen de lotes pechados de documentos, formados por achegas diversas, sen responder a necesidades específicas do currículo e sen actualización.	As clases que o requiran dispoñen de bibliotecas de aula, que se xestionan desde a biblioteca central e que se nutren con fondos desa biblioteca, logo de petición dos profesores.	A biblioteca central dispón dun programa de préstamo para as bibliotecas de aula, o que permite actualizar estas periodicamente, respondendo ás necesidades do currículo en cada nivel, área e momento do curso.
B9	Integración das bibliotecas de departamento na biblioteca central (se procede)	Os departamentos dispoñen de materiais documentais non xestionados pola biblioteca central e esta non ten ningunha información sobre eles.	Nos departamentos hai documentos que son organizados e xestionados por eles mesmos, e sobre os que informan á biblioteca central.	Os departamentos dispoñen de bibliotecas que se xestionan desde a biblioteca central en canto ao tratamento dos documentos e á actualización do catálogo, pero o préstamo depende do departamento.	Os departamentos dispoñen de bibliotecas xestionadas pola biblioteca central, non só en canto ao tratamento dos documentos e á actualización do catálogo, senón que tamén a biblioteca central xestiona o préstamo e os restantes servizos.
B10	Amplitude do horario de apertura da biblioteca	A biblioteca dá servizo (abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos...) menos de tres horas semanais.	A biblioteca dá servizo (abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos...) entre catro e nove horas semanais.	A biblioteca dá servizo (abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos...) entre 10 e 19 horas semanais, cubrindo nos IES con dobre quenda –polo menos parcialmente–, os horarios de mañá e tarde.	A biblioteca dá servizo (abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos...) máis de 20 horas semanais, abarca, nos IES con dobre quenda, horarios de mañá e tarde.
B11	Distribución do horario da biblioteca para uso por parte das clases	Non se contempla que as clases accedan á biblioteca.	De maneira esporádica, non planificada, e a petición dalgún profesor, asígnase tempo para uso da biblioteca por parte dalgunha clase.	Mensualmente, existe un horario flexible que asegura o uso da biblioteca por parte de todas as clases. Nese horario aténdense as necesidades demandadas por cada unha das clases.	Semanalmente, existe un horario flexible que asegura o uso da biblioteca por parte de todas as clases. Nese horario aténdense as necesidades demandadas por cada unha das clases.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
B12	Apertura da biblioteca fóra do horario de clase	A biblioteca non abre fóra do horario das clases.	A biblioteca abre menos de tres horas semanais (en recreos, tempos de comedor ou tardes).	A biblioteca abre entre tres e dez horas semanais (en recreos, tempos de comedor ou tardes).	A biblioteca abre máis de dez horas semanais (en recreos, tempos de comedor ou tardes).
B13	Adecuación dos recursos á acción compensatoria do centro	A biblioteca non dispón de ningún espazo nin recurso específico para grupos de alumnos con necesidade de accións compensatorias.	A biblioteca adapta algúns espazos en situacións concretas que precisan acción compensatoria, logo de petición dos docentes ou do equipo directivo.	A biblioteca adapta os espazos, o mobiliario e os equipamentos tecnolóxicos para facilitar o acceso de estudantes con necesidades educativas especiais e para grupos con necesidade de accións compensatorias variadas (inmigrantes, linguas non curriculares etc.).	Ademais de adecuar os espazos, mobiliario e equipamentos tecnolóxicos para facilitar o acceso, a biblioteca deseña e crea materiais especiais para distintos grupos de estudantes con necesidades de acción compensatoria. Tamén selecciona, reúne e difunde documentos específicos, así como facilita algúns servizos concretos para estes alumnos (préstamo de recursos variados en condicións especiais).

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación coa súa accesibilidade. Unha vez que as contestaches, poderate axudar das túas respostas para situala nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía	SI	NON
1. O espazo da biblioteca cumpre coa lexislación vixente, é dicir, pode albergar polo menos os alumnos dunha clase?		
2. Dispón a biblioteca de distintos espazos para posibilitar usos diferentes: almacén, espazo para traballos en grupo, para computadores, para a lectura de revistas e xornais, para a lectura dos máis pequenos?		
3. O mobiliario adquiriuse recentemente de maneira expresa para a biblioteca?		
4. Hai computadores actualizados e operativos para uso exclusivo do responsable?		
5. Hai computadores con conexión a internet, operativos, para uso dos alumnos?		
6. Existe na biblioteca unha zona diferenciada para os computadores e o acceso a internet?		
7. Dispón a biblioteca de reprodutores e gravadoras de vídeo, CD ou audio, canón proxector, cámara de fotos ou vídeo, encerado dixital...?		
8. A colección atópase, na súa maioría, en andeis abertos, con libre acceso na sala de lectura?		
9. Existe catálogo en liña accesible para todos?		
10. Existen recursos electrónicos seleccionados (bases de datos, revistas electrónicas...) accesibles en liña?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Revisar os documentos que definen a política educativa do centro (Proxecto educativo e curricular) e identificar o papel asignado á biblioteca.
- ☐ Organizar unha reunión coa Xefatura de estudos e/ou Dirección para valorar logros e melloras.
- ☐ Recoller opinións da comunidade educativa (docentes, estudantes, familias...).
- ☐ Analizar a presenza da biblioteca nos distintos órganos de traballo do centro (orde do día e actas de reunións do claustro, reunións de profesores, comisións, equipos de traballo, reunións coas familias...).
- ☐ Analizar a documentación que se entrega ás familias nas xornadas de portas abertas, xornadas de acollida e outras actividades.
- ☐ Analizar a documentación presentada para concursar en proxectos de innovación.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
11. Existen coleccións de documentos dixitais accesibles en liña?		
12. A colección está ordenada conforme a un criterio establecido (áreas, ciclos, número correlativo...)?		
13. A colección está ordenada por materias seguindo a clasificación de materias da CDU (Clasificación Decimal Universal)?		
14. A colección ten sinalización nos andeis e baldas para facilitar a localización de documentos?		
15. Está indicado como acceder aos documentos utilizando o catálogo e como buscalos logo nos estantes?		
16. Existen planos, pósteres ou outro tipo de carteis que expliquen como está organizada a colección?		
17. Existen bibliotecas de aula?		
18. Os fondos da biblioteca de aula son achegados polos estudantes?		
19. Os fondos da biblioteca de aula proceden da biblioteca central?		
20. A biblioteca central oferta con frecuencia lotes de documentos para o préstamo ás bibliotecas de aula?		
21. Existen bibliotecas de departamento?		
22. As bibliotecas de departamento están xestionadas pola biblioteca central (están descritas no catálogo xeral da biblioteca)?		
23. As bibliotecas de departamento dan servizo de préstamo desde a biblioteca central?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Preguntas guía	SI	NON
24. A biblioteca dá servizo (é dicir, abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos etc.) menos de tres horas semanais?		
25. A biblioteca dá servizo (é dicir, abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos etc.) entre catro e nove horas semanais?		
26. A biblioteca dá servizo (é dicir, abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos etc.) entre 10 e 19 horas semanais e cobre parcialmente horas nas dúas quendas no caso dos IES con horarios de mañá e tarde?		
27. A biblioteca dá servizo (é dicir, abre a sala de lectura e/ou dá préstamo e/ou recibe clases de profesores con alumnos etc.) máis de 20 horas semanais e cubre parcialmente horas nas dúas quendas no caso dos IES con horarios de mañá e tarde?		
28. Mensualmente, hai horarios reservados para que os distintos grupos de clase acudan á biblioteca?		
29. Semanalmente, hai horarios reservados para que os distintos grupos de clase acudan á biblioteca?		
30. Pode un profesor acudir coa súa clase á biblioteca no momento que o necesite?		
31. Abre a biblioteca en horario non lectivo, en horas de recreo, e/ou comedor, e/ou polas tardes, cando finaliza o horario de clase?		
32. A biblioteca dispón dalgún espazo ou mobiliario específico e adaptado para grupos de estudantes con necesidade de accións compensatorias (necesidades educativas especiais, inmigrantes, linguas non curriculares...)?		

Preguntas guía

SI NON

33. A biblioteca dispón de equipamento tecnolóxico específico para grupos de estudantes con necesidade de accións compensatorias (necesidades educativas especiais, inmigrantes, linguas non curriculares...)?		
34. A biblioteca dispón de recursos documentais específicos para grupos de estudantes con necesidade de accións compensatorias (necesidades educativas especiais, inmigrantes, linguas non curriculares...)?		
35. A biblioteca diseña e crea materiais especiais para grupos de estudantes con necesidade de accións compensatorias (necesidades educativas especiais, inmigrantes, linguas non curriculares...)?		

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
B1	Adecuación do espazo	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B2	Idoneidade do mobiliario	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B3	Adecuación do equipamento tecnolóxico	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B4	Accesibilidade da colección	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B5	Accesibilidade en liña da colección (catálogos e recursos electrónicos)	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B6	Organización da colección segundo criterios normalizados	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓN DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓN
B7	Sinalización da colección	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B8	Integración das bibliotecas de aula na biblioteca do centro (se procede)	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B9	Integración das bibliotecas de departamento na biblioteca central (se procede)	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B10	Amplitude do horario de apertura da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B11	Distribución do horario da biblioteca para uso por parte das clases	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
B12	Apertura da biblioteca fóra do horario de clase	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

	NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
B13	Adecuación dos recursos á acción compensatoria do centro ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					



Visibilidade

Valóranse as accións que promove a biblioteca en relación coa difusión (dar a coñecer), a comunicación (convidar á interacción) e a sinalización (situar o espazo) no conxunto do centro.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
C1	Variedade de estratexias para a difusión, a comunicación e a sinalización	Non se emprega ningunha estratexia específica.	Emprégase algunha estratexia (hai sinalización na porta, existe unha guía básica de biblioteca, hai un taboleiro con informacións sobre a biblioteca, hai carteis nos corredores...), pero non se cobren os tres ámbitos: a difusión (dar a coñecer), a comunicación (convidar á interacción dos usuarios) e a sinalización (situar o espazo).	Emprégase diversidade de estratexias. A sinalización da biblioteca no centro é adecuada. Levan a cabo accións de difusión e comunicación (por exemplo: caixa de suxestións, a biblioteca figura na web do centro ou ten web propia, organízanse xornadas de acollida para novos estudantes...), aínda que estes dous ámbitos son mellorables.	Emprégase unha gran diversidade de estratexias, o que permite cubrir amplamente os obxectivos de difusión, comunicación e sinalización.
C2	Diversidade de destinatarios das estratexias (estudantes, docentes e familias)	Non hai estratexias dirixidas a ningún destinatario concreto.	As estratexias están dirixidas basicamente ao alumnado.	As estratexias están dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado.	As estratexias están dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias.
C3	Actualización das informacións	Non se actualizan as informacións.	As informacións actualízanse a principios de cada curso.	As informacións actualízanse trimestralmente.	As informacións actualízanse sempre que xurda unha novidade que afecte á difusión e a comunicación da biblioteca.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación coa difusión, a comunicación e a sinalización. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situala nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía	SI	NON
1. Existe sinalización na porta da biblioteca?		
2. Hai sinais indicativos en distintos lugares do centro para localizala?		
3. Aparece no directorio do centro (se o hai)?		
4. Dispón dunha caixa de correos ou compartimento propio?		
5. Dispón dun taboleiro de información propio ou vitrina?		
6. A biblioteca está presente nos taboleiros do centro?		
7. Existe unha política específica de márketing para dar a coñecer a biblioteca e os seus servizos (por exemplo, a política de préstamo, o programa de actividades...)?		
8. Realiza actividades para dar a coñecer a súa existencia (exposicións temáticas, novas...)?		
9. Ten Guía da biblioteca?		
10. Dispón de caixa de suxestións?		
11. Dispón de ligazón ou páxina na web do centro?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Revisar os documentos (impresos e/ou dixitais) que se utilizan na difusión (adecuación da mensaxe aos destinatarios, deseño, formas en que se fan chegar, periodicidade de actualización...).
- ☐ Recoller opinións dalgúns usuarios próximos (docentes, estudantes, familias...) sobre os materiais de difusión.
- ☐ Convidar á Comisión de biblioteca ou ao equipo de apoio a valorar a efectividade das estratexias de difusión (a cantos usuarios chega, que esforzos de creación e actualización requiren...).

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
12. Conta con enderezo de correo electrónico propio?		
13. Publica boletíns con informacións e recomendacións de forma periódica, revistas etc. (en formato dixital e/ou impreso)?		
14. Ten algún logo/mascota para identificala (ex libris, marca...)?		
15. A biblioteca ten presenza nas redes sociais?		
16. Ten blog?		
17. Ten listas de distribución, alertas...?		
18. A biblioteca participa nas 'xornadas de portas abertas' ou nas 'xornadas de acollida'?		
19. Prepáranse notas para os medios de comunicación local (prensa, radio, web do concello, blogs de información local...) con noticias da biblioteca?		
20. Expóñense asuntos relacionados coa biblioteca nas reunións coas familias?		
21. Actualízanse con frecuencia as informacións nas distintas accións de difusión e comunicación?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

	NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
C1	Variedade de estratexias para a difusión, comunicación e sinalización ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
C2	Diversidade de destinatarios das estratexias (estudantes, docentes e familias) ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
C3	Actualización das informacións ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

D Apoio ao currículo

D₁ Análise de necesidades e oferta de servizos

D₂ Adecuación dos recursos documentais

D₃ Coordinación pedagóxica

D₄ Competencias en lectura e escritura

D₅ Competencia dixital, en información e para aprender a aprender

D₆ Competencia social e cidadá



Análise de necesidades e oferta de servizos

Valóranse os mecanismos para detectar as necesidades dos usuarios (estudantes e docentes) e a adecuación dos servizos para satisfacelas.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D11	Formalización do procedemento para detectar as necesidades dos usuarios	Non se realiza ningunha acción para identificar as necesidades dos usuarios.	A detección de necesidades faise de maneira informal e/ou incompleta.	A detección de necesidades faise de maneira formal, por medio de reunións da comisión de biblioteca e o profesorado.	Ademais de solicitar información nas reunións da comisión de biblioteca e o profesorado, a detección de necesidades faise de maneira formal e periódica, mediante métodos específicos como enquisas ou grupos de discusión.
D12	Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do profesorado	Non existen servizos específicos para o profesorado, máis aló da consulta de materiais en sala.	Os servizos ao profesorado limítanse á consulta de materiais en sala e ao préstamo individual, de aula, de departamento ou de ciclo.	Ademais de facilitar a consulta en sala e o préstamo individual, a biblioteca establece sistemas de difusión da información para o conxunto do profesorado (boletíns de novidades, guías e seleccións...).	Ademais de facilitar a consulta en sala e o préstamo (individual e interbibliotecario), a biblioteca establece sistemas de difusión da información e de elaboración de materiais segundo o perfil e as necesidades de cada docente.
D13	Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do alumnado	Non existen servizos específicos para o alumnado, máis aló da consulta de materiais en sala.	Os servizos ao alumnado limítanse á consulta de materiais en sala e ao préstamo individual a domicilio.	A biblioteca proporciona todo tipo de servizos (consulta, préstamo, información, acceso a Internet) e orienta o alumnado nas súas procuras e na selección de lecturas, xa sexa persoalmente ou mediante materiais preparados.	A biblioteca proporciona todo tipo de servizos e orienta o alumnado nas súas procuras, na selección de lecturas, xa sexa persoalmente ou mediante materiais preparados. A biblioteca orienta tamén no uso de programas ofimáticos e facilita a impresión dos traballos.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D14	Alcance das actividades organizadas pola biblioteca	A biblioteca non planifica nin realiza ningún tipo de actividade.	As actividades organizadas pola biblioteca diríxense a uns poucos cursos e relaciónanse só con algunhas áreas do currículo (especialmente, coas de lingua e literatura).	A biblioteca planifica actividades para todo o alumnado, aínda que prioritariamente relacionadas con determinadas áreas (especialmente, coas de lingua e literatura).	A biblioteca planifica actividades para todo o alumnado e os seus obxectivos relaciónanse con todas as áreas do currículo e as actividades do centro.
D15	Coordinación da biblioteca cos servizos de orientación psicopedagóxica e co profesorado de apoio	A biblioteca non se coordina cos servizos de orientación psicopedagóxica e co profesorado de apoio.	A biblioteca responde unicamente a demandas concretas dos servizos de orientación psicopedagóxica e do profesorado de apoio.	A biblioteca coordínase cos servizos de orientación psicopedagóxica e co profesorado de apoio, aínda que de maneira irregular e sen que exista ningún protocolo formal de coordinación.	A biblioteca mantén un protocolo de coordinación cos servizos de orientación psicopedagóxica e co profesorado de apoio e establécense conxuntamente políticas de servizos específicos.
D16	Implicación da biblioteca nas accións de educación compensatoria do centro	A biblioteca non se implica neste tipo de programas.	A biblioteca participa nestes programas cando hai unha demanda concreta dos profesores.	A biblioteca realiza actividades e reúne materiais, participando activamente nas accións compensatorias do centro, pero non promove programas específicos.	A biblioteca propón actividades e reúne materiais, participando activamente nas accións compensatorias do centro. Ademais, promove programas específicos (por exemplo, apoio ao estudo fóra do horario escolar, localización de institucións, actividades e programas fóra do centro etc.).

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca respecto dos servizos que ofrece e a súa adecuación ás necesidades dos usuarios. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situala nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía	SI	NON
22. Leva a cabo a biblioteca algunha estratexia para a detección de necesidades dos usuarios (docentes e estudantes)?		
23. Cáptase información, de maneira informal, nas conversacións con alumnos e profesores, nas demandas que se fan á biblioteca, nas preguntas que se reciben...?		
24. Organízanse reunións para analizar necesidades de distintos usuarios (por exemplo, coa comisión de biblioteca ou en reunións cos propios usuarios)?		
25. Empréganse outros métodos para solicitar formalmente información (enquisas, grupos de discusión...)?		
26. Hai servizos adaptados ás necesidades tanto de estudantes como de docentes?		
27. É posible o acceso a internet por parte dos usuarios?		
28. Facilitase o uso dos computadores por parte dos alumnos para facer traballos e oriéntanse no uso de programas específicos?		
29. Faise préstamo individual?		
30. Están contemplados o préstamo de aula e o de departamento?		
31. Hai servizo de impresión?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Consultar os documentos marco da biblioteca (o proxecto, o Plan anual e as memorias).
- ☐ Na Comisión de biblioteca, repasar as accións de análises de necesidades dos usuarios (formais e informais) e valorar o seu impacto no Plan anual da biblioteca (en concreto, na oferta de servizos).
- ☐ Organizar unha sesión de intercambio con usuarios estudantes.
- ☐ Organizar unha sesión de intercambio con usuarios docentes.
- ☐ Recompilar as achegas recibidas na caixa de suxestións.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
32. Ofrécese a posibilidade de obter documentos doutras bibliotecas?		
33. Entre os servizos de información, prepáranse bibliografías?		
34. Ofrécense recompilacións de recursos en internet?		
35. Prepáranse boletíns de novidades?		
36. Ofrécese información personalizada por correo electrónico ou outros medios?		
37. Elabóranse publicacións propias, como guías de lectura, guías de uso de materiais...?		
38. Hai algún servizo de información selectiva (por exemplo, a docentes de distintas áreas)?		
39. A biblioteca planifica e realiza actividades para todos os grupos e cursos?		
40. A biblioteca planifica e realiza actividades relacionadas con todas as áreas do currículo?		
41. A biblioteca establece servizos específicos a demanda dos servizos de orientación psicopedagóxica e o profesorado de apoio?		
42. A biblioteca coordínase dalgunha maneira formal cos servizos de orientación psicopedagóxica e o profesorado de apoio?		
43. Participa a biblioteca nas accións compensatorias que realiza o centro (escolarización de inmigrantes, programas para estudantes con necesidades educativas especiais, escolarización de alumnos de etnia xitana...)?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Preguntas guía	SI	NON
44. Crea materiais específicos para este tipo de accións?		
45. Existe un programa de apoio ao estudo fóra do horario escolar, con asistencia de profesores que orienten aos estudantes (coordinado ou non con programas como PROA ou outros)?		
46. Facilita o préstamo de recursos (computadores, lotes de libros e outros documentos...) para estudantes con dificultades económicas?		

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D11	Formalización do procedemento para detectar as necesidades dos usuarios	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D12	Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do profesorado	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D13	Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do alumnado	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D14	Alcance das actividades organizadas pola biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D15	Coordinación da biblioteca cos servizos de orientación psicopedagóxica e co profesorado de apoio.	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D16	Implicación da biblioteca nas accións de educación compensatoria do centro.	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

D₂

Adecuación dos recursos documentais

Valórase se os recursos dispoñíbles resultan suficientes para o número de estudantes e docentes do centro e se son adecuados ás necesidades de apoio ao currículo. Valórase tamén o equilibrio temático na composición do fondo e a variedade de soportes, así como as tarefas de expurgo e actualización da colección.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D21	Suficiencia dos recursos documentais	A colección non alcanza os 2.500 documentos, mínimo recomendado nos estándares internacionais.	A colección alcanza o mínimo de 2.500 documentos, pero o número non chega ao 60% do total requirido (véxase a columna <i>Total ítems</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	A colección alcanza o mínimo de 2.500 documentos, pero o número de documentos non chega ao 80% do total requirido (véxase a columna <i>Total ítems</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	O número de documentos que compoñen a colección alcanza ou supera o total requirido (véxase a columna <i>Total ítems</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).
D22	Variedade dos soportes	A colección da biblioteca está constituída, unicamente, por libros.	A colección da biblioteca está constituída, unicamente, por materiais impresos, como libros, revistas, prensa...	A colección da biblioteca incorpora libros, revistas e prensa e, tamén, recursos audiovisuais e en liña.	A colección da biblioteca incorpora xogos, obxectos e materiais elaborados polos alumnos e os profesores, que se suman aos recursos audiovisuais e en liña e aos impresos.
D23	Equilibrio entre ficción e non ficción	A colección da biblioteca concéntrase na literatura de ficción, nunha porcentaxe superior ao 90%.	Na colección da biblioteca predomina a literatura de ficción nunha porcentaxe entre o 70 e o 90%, pero existe tamén un reducido fondo de información.	Na colección da biblioteca existe un equilibrio entre os fondos de ficción e de non ficción, ao 50%.	Na colección da biblioteca predominan os recursos informativos (impresos e dixitais) e alcánzase o 60% recomendado polos estándares internacionais.
D24	Equilibrio entre materias	A colección da biblioteca concéntrase, maioritariamente, nunhas poucas áreas.	A colección da biblioteca concéntrase, maioritariamente, en determinadas áreas e as adquisicións tenden a reforzar esta situación de desequilibrio.	A colección da biblioteca ten en conta todas as áreas do currículo, pero algunhas teñen maior presenza.	A colección da biblioteca ten en conta todas as áreas do currículo e as adquisicións planifícanse para manter a compensación entre materias.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D25	Equilibrio entre distintos niveis educativos	A colección da biblioteca concéntrase, maioritariamente, nuns poucos niveis educativos.	A colección da biblioteca concéntrase, maioritariamente, en determinadas niveis educativos e as adquisicións tenden a reforzar esta situación de desequilibrio.	A colección da biblioteca ten en conta todos os niveis educativos, pero algúns teñen maior presenza.	A colección da biblioteca ten en conta todos os niveis educativos e as adquisicións planifícanse para manter a compensación entre niveis educativos.
D26	Diversidade de destinatarios da colección	A colección oríéntase, prioritariamente, a alumnado de determinados cursos, e non se contempla especificamente o profesorado.	A colección cobre as necesidades do alumnado de todos os cursos, pero non se contemplan especificamente as do profesorado.	A colección cobre as necesidades do alumnado de todos os cursos, así como as do profesorado.	A colección cobre as necesidades do alumnado de todos os cursos, incluídas as linguas de inmigración. Ademais, contéplanse as necesidades específicas do equipo docente, do persoal non docente e, mesmo, das familias.
D27	Actualización da colección (adquisicións e expurgo)	Non existe ningunha política de actualización do fondo nin de expurgo de materiais.	As adquisicións realízanse de maneira irregular, sen unha planificación previa. Non se fai ningún tipo de expurgo. O número anual de renovacións non supera o 60% do total requirido (véxase a columna <i>Renovacións anuais</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	Existe unha política de colección que contempla adquisicións sistemáticas, pero non se retiran do fondo máis que os documentos deteriorados. O número anual de renovacións non supera o 80% do total requirido (véxase a columna <i>Renovacións anuais</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	Existe unha política de colección que contempla o expurgo periódico de documentos deteriorados e obsoletos, tendo en conta, ademais, os niveis de uso e de demanda. Adquírense materiais para lles dar resposta aos proxectos específicos do centro. O número anual de renovacións alcanza ou supera o total requirido (véxase a columna <i>Renovacións anuais</i> na táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudarache a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación cos recursos documentais: se son suficientes para o número de estudantes e docentes do centro, se son adecuados ás necesidades de apoio ao currículo, se o fondo resulta equilibrado etc. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situar a biblioteca nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
1.	O número de documentos é adecuado? (Véxase anexo, páxina 117)		
2.	A biblioteca dispón de materiais audiovisuais (CD, DVD...)?		
3.	A biblioteca dispón de recursos dixitais en liña seleccionados (enciclopedias, dicionarios, bases de datos, prensa, libros electrónicos webs...)?		
4.	A biblioteca dispón de xornais e revistas?		
5.	A biblioteca dispón de documentos de arquivo do centro (fotografías, traballos escolares, publicacións do centro, memorias, documentación diversa...)?		
6.	A colección presenta equilibrio entre as obras de ficción e non ficción?		
7.	Existen recursos para todas as materias e estes están distribuídos homoxeneamente?		
8.	Algunhas materias concentran un maior número de recursos?		
9.	A biblioteca pode atender a demandas sobre un tema concreto xeradas polo traballo nas aulas?		
10.	A colección atende as necesidades de todo o alumnado, sen distinción de idades nin niveis?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Consultar os documentos marco da biblioteca (o proxecto, o Plan anual e as memorias).
- ☐ Obter a distribución temática do fondo a partir de estatísticas xeradas polo programa de xestión da biblioteca.
- ☐ Consultar as estatísticas de adquisición e baixas de materiais dos últimos anos.
- ☐ Consultar as estatísticas de préstamo por materias nos últimos anos.
- ☐ Analizar as consultas que non se puideron atender por falta de documentos na colección.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
11. Na selección de materiais, considéranse as demandas de todos os usuarios?		
12. A biblioteca dispón de documentos en linguas que non forman parte do currículo (linguas de inmigración, doutras comunidades autónomas...)?		
13. A biblioteca dispón de documentos para o profesorado (revistas profesionais, lexislación, manuais de didáctica...)?		
14. Actualízase regularmente o fondo, atendendo ás necesidades detectadas e ao uso que se fai dos materiais, coidando a compensación temática da colección e a relevancia destes?		
15. Realízanse adquisicións en función dos proxectos específicos do centro?		
16. Realízase periodicamente a eliminación de materiais?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D21	Suficiencia dos recursos documentais	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D22	Variedade dos soportes	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D23	Equilibrio entre ficción e non ficción	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D24	Equilibrio entre materias	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D25	Equilibrio entre distintos niveis educativos	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D26	Diversidade de destinatarios da colección	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

	NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D27 Actualización da colección (adquisicións e expurgo)	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

D₃

Coordinación pedagógica

Valórase o nivel de integración da biblioteca na actividade pedagóxica, así como as estratexias empregadas para asegurar a coordinación da biblioteca co equipo docente.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D31	Iniciativas e canles para a coordinación entre a biblioteca e o equipo docente	Non existe ningún tipo de colaboración entre a biblioteca e o equipo docente.	Non existen canles formais de colaboración. O profesorado informa esporadicamente ao responsable da biblioteca sobre as necesidades relativas á programación.	A coordinación entre a biblioteca e o equipo docente dáse á marxe da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou similar. O responsable recolle as necesidades dos profesores de maneira formal, a través de reunións con profesores de ciclo, de departamento etc., ou en momentos determinados do curso (a principio de curso ou de trimestre, con anterioridade ás actividades periódicas...).	Por medio da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou similar, a biblioteca e o equipo docente traballan conxuntamente. O responsable recolle as necesidades dos profesores respecto dos seus programas, de maneira formal e periódica, con antelación e utilizando instrumentos adecuados (enquisas detalladas, reunións planificadas, análises da programación...).
D32	Ámbitos de colaboración entre a biblioteca e o equipo docente	Non existe ningún tipo de colaboración entre a biblioteca e o equipo docente.	Normalmente, a colaboración prodúcese de forma esporádica e límitase a accións de promoción da lectura.	A colaboración circunscríbese, maioritariamente, a accións de promoción da lectura e, esporadicamente, a accións relacionadas co uso da información.	A biblioteca e o equipo docente planifican accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información e dixitais, así como para promover a lectura.
D33	Integración da biblioteca na metodoloxía docente	Menos do 10% dos profesores utiliza estratexias para incentivar o uso da biblioteca e os recursos documentais na súa actividade pedagóxica.	Entre o 10% e o 30% dos profesores utiliza estratexias para incentivar o uso da biblioteca e os recursos documentais na súa actividade pedagóxica.	Entre o 30% e o 60% dos profesores utiliza estratexias para incentivar o uso da biblioteca e os recursos documentais na súa actividade pedagóxica.	Máis do 60% dos profesores utiliza estratexias para incentivar o uso da biblioteca e os recursos documentais na súa actividade pedagóxica.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudarache a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación co seu nivel de integración na actividade pedagóxica e as estratexias empregadas para coordinarse co equipo docente. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situar a biblioteca nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
1.	O responsable da biblioteca pregúntalles directamente aos profesores sobre as súas necesidades de recursos documentais?		
2.	O responsable da biblioteca prepara dossiers, bibliografías ou selecciona recursos para o desenvolvemento das programacións?		
3.	O responsable da biblioteca mantén unha comunicación regular co equipo docente e participa nas reunións de equipos de ciclos ou departamentos?		
4.	O responsable da biblioteca prepara, xunto cos profesores, actividades para realizar cos alumnos?		
5.	Os profesores informan ao responsable da biblioteca das súas necesidades documentais para a súa programación e actividades curriculares?		
6.	A coordinación pedagóxica entre a biblioteca e o equipo docente vehicúlase a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou similar?		
7.	Na Comisión de Coordinación Pedagóxica recompílanse as demandas do equipo docente?		
8.	Os profesores traballan con frecuencia cos alumnos na biblioteca?		
9.	Os profesores propóñenlles aos seus alumnos traballos de investigación, proxectos interdisciplinares...?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Analizar as programacións dos ciclos e/ou departamentos (polo menos, dos máis próximos) para ver como se integra a biblioteca.
- ☐ Analizar os documentos do centro: Proxecto curricular do centro, Proxecto lingüístico.
- ☐ Convocar unha reunión con algún dos equipos de ciclo e/ou departamento para tratar de maneira monográfica a coordinación coa biblioteca (puntos fortes e puntos débiles).
- ☐ Analizar o Plan anual da biblioteca e ver que accións concretas de coordinación están previstas.
- ☐ Consultar as memorias dos últimos cursos.
- ☐ Consultar as actas das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
10. Os profesores programan actividades cos seus alumnos para que aprendan a utilizar as fontes de información?		
11. Os profesores indícanlles lecturas obrigatorias aos seus alumnos?		
12. Os profesores recoméndanlles lecturas voluntarias aos seus alumnos?		
13. Os profesores utilizan preferentemente o libro de texto?		
14. Os profesores pídenlles aos seus alumnos que realicen procuras de información?		
15. Os profesores traballan cunha metodoloxía baseada no uso de fontes diversas de información?		
16. A biblioteca e o equipo docente planifican conxuntamente accións didácticas en relación con todas as áreas do currículo?		
17. A biblioteca e o equipo docente planifican conxuntamente accións para desenvolver as habilidades e competencias no uso da información e dixitais?		
18. A biblioteca e o equipo docente planifican conxuntamente accións para a promoción da lectura?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D31	Iniciativas e canles para a coordinación entre a biblioteca e o equipo docente	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D32	Ámbitos de colaboración entre a biblioteca e o equipo docente	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D33	Integración da biblioteca na metodoloxía docente	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

D4

Competencias en lectura e escritura

Valórase o papel da biblioteca no desenvolvemento das competencias en lectura e escritura, así como as estratexias específicas que promoven este ámbito.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D41	Implicación da biblioteca no desenvolvemento das competencias en lectura e escritura	A biblioteca non asume esta tarefa, máis aló de facilitar o préstamo de obras. O desenvolvemento desta competencia incumbe unicamente ao profesorado.	Só se realizan, de maneira esporádica, accións de animación á lectura (contacontos, visitas de autores...).	A biblioteca orienta a lectura con distintos recursos e facilita o intercambio e a expresión de opinión sobre as lecturas.	A biblioteca ten un programa específico graduado no cal se contemplan accións para o desenvolvemento das competencias en lectura e escritura.
D42	Diversidade de textos e de soportes	A biblioteca non se implica no traballo de competencias en lectura e escritura, máis aló de facilitar o préstamo de obras.	A implicación da biblioteca no traballo de competencias en lectura e escritura céntranse só no ámbito da ficción impresa.	A biblioteca traballa a lectura de ficción mediante todos os medios, incluídos os soportes dixitais.	As competencias en lectura e escritura trabállanse con todo tipo de texto (ficción e non ficción) e sobre todo tipo de soporte (impreso e dixital).
D43	Alcance das accións nos diferentes niveis, ciclos e áreas	Non se cobre ningún nivel, ciclo ou área concreta.	As accións céntranse nalgún nivel, ciclo ou área; normalmente, pola facilidade de coordinación cos seus docentes ou polo interese e a proximidade dos seus estudantes.	As accións cobren, aproximadamente, a metade da oferta formativa do centro.	As accións cobren máis do 75% da oferta formativa do centro e existen plans para a súa xeneralización ao conxunto do centro.
D44	Coordinación co Plan de lectura e escritura do centro	A biblioteca non está implicada no Plan de lectura e escritura.	A biblioteca achega recursos (normalmente, selección de materiais en función de demandas) para o desenvolvemento dalgunhas das accións do Plan de lectura e escritura.	A biblioteca intervéñ na preparación do Plan de lectura e escritura e coordínase para o logro dos obxectivos comúns. Normalmente, compártense recursos e prográmanse actividades de maneira conxunta.	A biblioteca intervéñ en todas as fases do Plan de lectura e escritura, desde a planificación ata a execución e a avaliación, achegando datos para formular melloras.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D45	Apoio da biblioteca ás familias	A biblioteca non realiza ningunha acción para apoiar ás familias no desenvolvemento das competencias en lectura e escritura dos seus fillos.	Ocasionalmente convídanse as familias a asistir a algunha actividade de promoción da lectura.	Facilítaselles ás familias o acceso ás lecturas para reforzar hábitos e modelos.	Promóvese a implicación activa das familias nas competencias en lectura e escritura.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación co desenvolvemento das competencias en lectura e escritura. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situala nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
1.	A biblioteca realiza accións en relación coas competencias de lectura e escritura?		
2.	Enténdese que este é un labor da biblioteca, máis aló do que cada docente realice na súa aula?		
3.	Estas accións organízanse nun programa articulado, con propostas diferenciadas por obxectivos e niveis?		
4.	As accións están fundamentalmente orientadas á promoción da lectura (contacontos, lectura en voz alta...)?		
5.	Realízanse actividades de orientación á lectura con recursos de distinto tipo (guías de lectura, servizos en internet, blogs especializados, redes sociais...)?		
6.	Promóvese o intercambio entre lectores, onde aprendan a compartir e a expresar as súas preferencias (clubs de lectura, blogs, redes sociais...)?		
7.	Faise un seguimento de itinerarios individuais dos lectores?		
8.	Hai accións concretas relacionadas coa escritura (talleres, concursos, encontros...)?		
9.	As actividades de lectura e escritura contemplan textos de ficción e non ficción?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Consultar e analizar o Plan de lectura e escritura do centro.
- ☐ Realizar reunións específicas co profesorado máis implicado nestes temas.
- ☐ Analizar o Plan anual de actividades da biblioteca.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
10. Están integradas distintas linguaxes e soportes (ciberliteratura, novela gráfica...)?		
11. Realízanse propostas adaptadas para distintos ciclos e niveis?		
12. No caso de que o centro dispoña dun Plan de lectura e escritura, a biblioteca ten algún tipo de participación?		
13. Colaborou na fase de preparación do Plan de lectura e escritura?		
14. Coordináronse os obxectivos e as accións que comparte o Plan de lectura e escritura co da biblioteca?		
15. Colabora a biblioteca na execución do Plan de lectura e escritura coa achega de recursos?		
16. Colabora na execución e na avaliación do Plan de lectura e escritura, mediante datos (enquisas de lectura, estatísticas de visitas e préstamos, valoracións do alumnado e do profesorado...)?		
17. Para promover a lectura e a escritura, contéplase tamén ás familias?		
18. Ofrécenselles suxestións para proporcionar bos modelos de lectura e reforzar hábitos no fogar?		
19. Ofréceselles información e formación ás nais e aos pais?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓN DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D41	Implicación da biblioteca no desenvolvemento das competencias en lectura e escritura	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D42	Diversidade de textos e de soportes	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D43	Alcance das accións nos diferentes niveis, ciclos e áreas	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D44	Coordinación co Plan de lectura e escritura do centro	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D45	Apoio da biblioteca ás familias	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

D5

Competencia dixital, en información e para aprender a aprender

Valóranse as accións da biblioteca en relación coa alfabetización dixital (que comprende tanto a alfabetización multimedia como en TIC) e a alfabetización en información. Incorpóranse, así mesmo, as accións orientadas a que os alumnos aprendan a xestionar e a regular os propios procesos de aprendizaxe

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
		A biblioteca non realiza ningunha acción específica.	A biblioteca realiza accións de maneira esporádica. Ante demandas concretas, a biblioteca orienta os estudantes en distintas necesidades de información e axuda a precisar os obxectivos de aprendizaxe e/ou investigación. Nestes procesos está integrado o uso dalgunhas ferramentas dixitais, especificamente para a procura de recursos.	Existe unha oferta de actividades desde a biblioteca que cobre varios dos obxectivos e contidos do currículo. Ademais de atender a demandas concretas, incídese nos procesos de procura, selección e análise crítica da información (mediante actividades, recursos, talleres...). Está integrado o uso de ferramentas dixitais que axudan a xestionar o traballo persoal do alumno (procuras, plan de traballo, borradores...).	Existe un programa articulado e graduado, con obxectivos e propostas por niveis. Acórdase o papel da biblioteca en coordinación co equipo docente. Prepáranse materiais de formación. Incídese en todos os procesos relacionados coa obtención de información, a transformación e a comunicación. Está integrado o uso de ferramentas dixitais que axudan a xestionar o traballo persoal do alumno. Ademais do uso de ferramentas dixitais para a procura, empréganse servizos RSS ou a etiquetaxe de recursos con marcadores sociais. Así mesmo, empréganse ferramentas dixitais de presentación (procesadores de textos, presentacións multimedia, web...) e para o traballo en colaboración (blogs, wikis, xestores de textos en colaboración...).
D51	Implicación no desenvolvemento das competencias				

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D52	Alcance das accións nos diferentes niveis, ciclos e áreas	Non se cobre ningún nivel, ciclo ou área concreta.	As accións céntranse nalgún nivel, ciclo ou área; normalmente, pola facilidade de coordinación cos seus docentes ou polo interese e a proximidade dos seus estudantes.	As accións cobren, aproximadamente, a metade da oferta formativa do centro.	As accións cobren máis do 75% da oferta formativa do centro e existen plans para a súa xeneralización ao conxunto do centro.
D53	Coordinación co Plan de TIC do centro	Non existe coordinación co Plan de TIC.	A biblioteca achega recursos (normalmente, selección de materiais en función de demandas) para o desenvolvemento dalgunhas das accións do Plan de TIC.	A biblioteca intervéen na preparación do Plan de TIC e coordínase con este para o logro dos obxectivos comúns. Normalmente, compártense recursos e prográmanse actividades de maneira conxunta.	A biblioteca intervéen en todas as fases do Plan de TIC, desde a planificación ata a execución e a avaliación, achegando datos para formular melloras.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudarache a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación coa alfabetización dixital e a alfabetización en información. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situar a biblioteca nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
1.	A biblioteca realiza accións orientadas a apoiar o desenvolvemento da competencia dixital, en información e para aprender a aprender?		
2.	A biblioteca e o centro entenden que este é un labor da biblioteca, en colaboración co equipo docente?		
3.	Ante demandas concretas, a biblioteca atende diversas necesidades de información e trata de axudar a perfilar o obxectivo de aprendizaxe e/ou investigación?		
4.	A biblioteca forma en estratexias de procura, selección e análise crítica da información (propón actividades, proporciona recursos, programa algún taller...)?		
5.	Estas accións organízanse nun programa articulado, con obxectivos e propostas diferenciados por niveis?		
6.	Prepáranse materiais de formación específicos?		
7.	Nos procesos de procura e selección de recursos que se ensinan aos alumnos, intégranse ferramentas dixitais (buscadores, arquivo de favoritos...)?		
8.	Na procura e selección de recursos, ensínase a empregar servizos RSS ou a etiquetaxe con marcadores sociais (Delicious, Diigo etc.)?		
9.	Ensínase a utilizar ferramentas dixitais para xestionar o traballo persoal (elaborar e seguir un plan de traballo, archivar borradores...)?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Analizar o Plan anual da biblioteca, tomando como referencia as preguntas que se suxiren.
- ☐ Convocar unha reunión para revisar as preguntas sobre este tema en colaboración coa Comisión de biblioteca ou con profesorado próximo á biblioteca.
- ☐ Revisar o Plan de TIC do centro e analizar os obxectivos e os ámbitos comúns de traballo.
- ☐ Manter unha reunión coa persoa responsable de TIC no centro.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
10. Ofrécense instrumentos dixitais para o traballo en colaboración (blogs, wikis, ferramentas para a produción e xestión de textos en colaboración...)?		
11. Ensínanse formas de presentación da información con distintas ferramentas dixitais (presentacións multimedia, procesadores de textos, web...)?		
12. Incídese en estratexias que lles axuden aos alumnos a xestionar os propios procesos de aprendizaxe (por exemplo, facer e seguir un plan de traballo, avaliar os pasos que se dan, analizar problemas e dificultades no proceso, formalizar que e como se aprendeu algo...)?		
13. Ofrécense programas de formación en relación coa información e as bibliotecas de maneira diferenciada, para estudantes e docentes?		
14. Realízanse propostas adaptadas para distintos ciclos e niveis?		
15. No caso de que o centro dispoña dun Plan de TIC, a biblioteca ten algunha participación?		
16. Colaborou na fase de preparación do Plan de TIC?		
17. Coordináronse os obxectivos e as accións que comparte o Plan de TIC co da biblioteca?		
18. Achéganse recursos para o desenvolvemento do Plan de TIC?		
19. Colabórase na execución do Plan de TIC mediante o programa de formación no uso da información?		
20. Participa a biblioteca na avaliación do Plan de TIC, achegando datos (prácticas de estudantes en relación coa información, valoracións do alumnado e do profesorado)?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D51	Implicación no desenvolvemento das competencias	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D52	Alcance das accións nos diferentes niveis, ciclos e áreas	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D53	Coordinación co Plan de TIC do centro	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

D₆

Competencia social e cidadá

Valórase a contribución da biblioteca ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, así como a súa coordinación con accións do centro neste ámbito (dereitos humanos, igualdade, multiculturalidade...)

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
D61	Implicación da biblioteca na sensibilización e tratamento transversal da competencia social e cidadá	A biblioteca non asume ningún papel específico neste ámbito.	A biblioteca límtase a sumarse a algunhas actividades de sensibilización que organiza e impulsa o centro.	A biblioteca promove accións concretas de sensibilización, preparando materiais e actividades (seleccións bibliográficas, exposicións...).	A biblioteca impulsa o tratamento transversal dos temas sociais e cidadáns, propoñendo materiais para traballar en todas as áreas e niveis. así como actividades que implican accións cidadás.
D62	Alcance das accións nos diferentes niveis, ciclos e áreas	Non se cobre ningún nivel, ciclo ou área concreta.	As accións céntranse nalgún nivel, ciclo ou área; normalmente, pola facilidade de coordinación cos seus docentes ou polo interese e a proximidade dos seus estudantes.	As accións cobren, aproximadamente, a metade da oferta formativa do centro.	As accións cobren máis do 75% da oferta formativa do centro e existen plans para a súa xeneralización ao conxunto do centro.
D63	Coordinación da biblioteca cos programas específicos	A biblioteca non contempla estes programas (dereitos humanos, igualdade, multiculturalidade...).	A biblioteca reúne esporadicamente información sobre estes temas e responde a demandas concretas dos profesores ou de persoas implicadas nestes programas.	A biblioteca facilita os recursos informativos necesarios para a realización destes programas.	A biblioteca promove a participación en programas deste tipo entrando en contacto con institucións, entidades ou grupos relacionados con eses temas.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudarache a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación co desenvolvemento da competencia social e cidadá. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situar nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
1.	A biblioteca prepara bibliografías e materiais para apoiar temas relacionados coa competencia social e cidadá?		
2.	Participa de forma activa coa celebración de 'días especiais' (Día da Paz, dos Dereitos Humanos, do Medio Ambiente, da SIDA...)?		
3.	Propón actividades para sensibilizar sobre todos os temas sociais?		
4.	A biblioteca propón actividades que impliquen accións cidadás?		
5.	A biblioteca orienta o profesorado sobre materiais para tratar estes temas en todas as áreas?		
6.	Lidera algún proxecto que impulse a formación da competencia social e cidadá?		
7.	Realízanse propostas adaptadas para distintos ciclos e niveis?		
8.	Participa a biblioteca en proxectos sobre a dita competencia impulsados por outras institucións e organismos (ONG...)?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Analizar os documentos de política educativa do centro (Proxecto educativo e curricular).
- ☐ Analizar as programacións (polo menos as dos profesores máis próximos). Ver as súas relacións coa biblioteca.
- ☐ Analizar o Plan anual de actividades da biblioteca.
- ☐ Recoller opinións de docentes de distintas áreas e ciclos.

Ademais, utilicei:

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
D61	Implicación da biblioteca na sensibilización e tratamento transversal da competencia social e cidadá	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D62	Alcance das accións nos diferentes niveis, ciclos e áreas	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
D63	Coordinación da biblioteca cos programas específicos	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					



Usos e usuarios

Avaliase o grao de actividade que ten a biblioteca por parte dos usuarios (estudantes e docentes), así como o seu grao de satisfacción con respecto aos recursos e servizos que se ofrecen.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
E1	Porcentaxe de estudantes que visitan a biblioteca (sós ou acompañados)	Só un 10% do alumnado acode á biblioteca (en solitario ou acompañado).	Entre o 10 e 30% do alumnado acode á biblioteca (en solitario ou acompañado).	Entre o 30 e o 60% do alumnado acode á biblioteca (en solitario ou acompañado).	Máis do 60% do alumnado acode á biblioteca (en solitario ou acompañado).
E2	Frecuencia de visitas dos alumnos	A maioría do alumnado acode á biblioteca menos dunha vez ao trimestre.	A maioría do alumnado acode á biblioteca unha vez ao mes.	A maioría do alumnado acode á biblioteca unha vez cada quince días.	A maioría do alumnado acode á biblioteca unha vez por semana.
E3	Porcentaxe de estudantes que utiliza os recursos na biblioteca	Só o 10% do alumnado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela (consulta, lectura de ficción, información, computadores, ver cinema, escoitar música, traballar en grupo...). O resto, utilízaa unicamente para estudar con apuntamentos e libros de texto.	Entre o 10 e o 30% do alumnado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela (consulta, lectura de ficción, información, computadores, ver cinema, escoitar música, traballar en grupo...).	Entre o 30 e o 60% do alumnado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela (consulta, lectura de ficción, información, computadores, ver cinema, escoitar música, traballar en grupo...).	Máis do 60% do alumnado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela (consulta, lectura de ficción, información, computadores, ver cinema, escoitar música, traballar en grupo...).
E4	Distribución do alumnado usuario da biblioteca	O alumnado procede maioritariamente dun único curso.	O alumnado procede maioritariamente dun só ciclo.	O alumnado procede maioritariamente dunha soa etapa.	O alumnado distribúese uniformemente entre todos os cursos e grupos.
E5	Porcentaxe de estudantes que utiliza o préstamo persoal	Menos do 10% do alumnado utiliza o préstamo persoal.	Entre o 10 e 30% do alumnado utiliza o préstamo persoal.	Entre o 30 e o 60% do alumnado utiliza o préstamo persoal.	Máis do 60% do alumnado utiliza o préstamo persoal.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
E6	Número de préstamos por estudante e por cada curso escolar	Máis da metade dos alumnos non toma en préstamo ningún libro.	Máis da metade dos alumnos toma en préstamo menos de cinco títulos por curso escolar.	Máis da metade dos alumnos toma en préstamo entre cinco e dez títulos por curso escolar.	Máis da metade dos alumnos toma en préstamo máis de dez títulos por curso escolar.
E7	Porcentaxe do alumnado que asiste ás actividades organizadas pola biblioteca	Menos do 10% do alumnado, a quen van destinadas as actividades, asiste a elas.	Entre o 10 e o 30% do alumnado, a quen van destinadas as actividades, asiste a elas.	Entre o 30 e o 60% do alumnado, a quen van destinadas as actividades, asiste a elas.	Máis do 60% do alumnado, a quen van destinadas as actividades, asiste a elas.
E8	Porcentaxe do alumnado satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca	Menos do 10% do alumnado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.	Entre o 10 e o 30% do alumnado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.	Entre o 30 e o 60% do alumnado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.	Máis do 60% do alumnado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.
E9	Porcentaxe de docentes que visita a biblioteca	Menos do 10% do profesorado acode á biblioteca.	Entre o 10 e 30% do profesorado acode á biblioteca.	Entre o 30 e o 60% do profesorado acode á biblioteca.	Máis do 60% do profesorado acode á biblioteca.
E10	Frecuencia de visitas do profesorado á biblioteca (sen acompañar o grupo clase)	A maioría do profesorado visita a biblioteca menos dunha vez ao trimestre.	A maioría do profesorado visita a biblioteca unha vez ao mes.	A maioría do profesorado visita a biblioteca unha vez cada quince días.	A maioría do profesorado visita a biblioteca unha vez por semana.
E11	Distribución do profesorado usuario da biblioteca	O profesorado procede maioritariamente dun único curso.	O profesorado procede maioritariamente dun só ciclo.	O profesorado procede maioritariamente dunha soa etapa.	O profesorado distribúese uniformemente entre todos os cursos e grupos.
E12	Porcentaxe do profesorado que utiliza os recursos na biblioteca	Só o 10% do profesorado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela (consulta, lectura de prensa, información, computadores...).	Entre o 10 e o 30% do profesorado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela.	Entre o 30 e o 60% do profesorado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela.	Máis do 60% do profesorado utiliza os recursos da biblioteca cando acode a ela.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
E13	Porcentaxe do profesorado que utiliza o préstamo persoal	Só un 10% do profesorado utiliza o préstamo persoal.	Entre o 10 e 30% do profesorado utiliza o préstamo persoal.	Entre o 30 e o 60% do profesorado utiliza o préstamo persoal.	Máis do 60% do profesorado utiliza o préstamo persoal.
E14	Porcentaxe do profesorado que realiza préstamo para a aula	Menos do 10% do profesorado realiza préstamo para a aula.	Entre o 10 e 30% do profesorado toma materiais prestados da biblioteca para a aula.	Entre o 30 e o 60% do profesorado toma materiais prestados da biblioteca para a aula.	Máis do 60% do profesorado toma materiais prestados da biblioteca para a aula.
E15	Variedade dos materiais en préstamo para a aula	Non se realiza ningún tipo de préstamo ás aulas.	Só se prestan materiais de referencia: dicionarios, atlas e obras de ficción.	Ademais de materiais de referencia, as aulas poden tomar prestadas obras de ficción e de non ficción, que se renovan periodicamente.	As aulas poden tomar prestado calquera tipo de recurso da biblioteca, en función das súas necesidades concretas.
E16	Porcentaxe de docentes que usa outros servizos da biblioteca	Menos do 10% do profesorado utiliza outros servizos da biblioteca (consulta de información, acceso a internet, formación de usuarios, lectura en sala...).	Entre o 10 e 30% do profesorado utiliza outros servizos da biblioteca (consulta de información, acceso a internet, formación de usuarios, lectura en sala...).	Entre o 30 e o 60% do profesorado utiliza outros servizos da biblioteca (consulta de información, acceso a Internet, formación de usuarios, lectura en sala...).	Máis do 60% do profesorado utiliza outros servizos da biblioteca (consulta de información, acceso a internet, formación de usuarios, lectura en sala...).
E17	Porcentaxe do profesorado satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca	Menos do 10% do profesorado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.	Entre o 10 e o 30% do profesorado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.	Entre o 30 e o 60% do profesorado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.	Máis do 60% do profesorado de todos os niveis séntese satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación co uso que fan dela os usuarios e o seu grao de satisfacción cos servizos ofertados. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situar a biblioteca nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía	SI	NON
1. Os alumnos visitan sós a biblioteca en función das súas necesidades? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
2. Os alumnos van á biblioteca para estudar cos libros de texto? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
3. Os alumnos van á biblioteca para consultar ou utilizar os materiais? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
4. Os alumnos van á biblioteca a ler? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
5. Os alumnos fan traballos na biblioteca? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
6. Utilízanse os computadores da biblioteca para realizar traballos e acceder a recursos electrónicos?		
7. As visitas do alumnado distribúense uniformemente en todos os ciclos ou etapas?		
8. Os alumnos realizan traballos en grupo na biblioteca? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Utilizar as estatísticas de uso (visitas, préstamos...).
- ☐ Realizar unha cala nun tempo acoutado para facer un estudo máis sistemático dos distintos usos da biblioteca (recoméndase un mes como mínimo).
- ☐ Contabilizar as consultas recibidas na páxina web e/ou o blog da biblioteca nun tempo dado.
- ☐ Analizar os resultados dos procesos de detección de satisfacción de usuarios (enquisas, entrevistas, grupos de discusión, caixa de suxestións...).

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
9. Os alumnos asisten ás actividades da biblioteca? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
10. Os alumnos séntense satisfeitos coa biblioteca do centro?		
11. Os profesores van á biblioteca sen acompañar o grupo de clase? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
12. Os profesores visitan a biblioteca para traballar ou facer consultas? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
13. Os profesores utilizan os materiais da biblioteca para preparar as clases? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
14. Os profesores utilizan a biblioteca para preparar documentación e materiais para os alumnos (bibliografías, dossiers, webquest)? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
15. Os profesores utilizan a biblioteca para realizar outras actividades docentes (corrixir exames ou traballos, celebrar reunións, entrevistas...)?		
16. Os profesores utilizan o préstamo para o seu uso persoal?		
17. Os profesores de todos os niveis, cursos e áreas visitan a biblioteca?		
18. Os profesores utilizan o préstamo de aula?		
19. Os profesores empregan a biblioteca para traballar co seu propio computador? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Preguntas guía	SI	NON
20. Os profesores utilizan outros servizos da biblioteca (recompilar información doutras bibliotecas; acceder a internet; ler obras de ficción, diarios ou revistas; seguir programas de formación de usuarios...)? En que porcentaxe aprox.: 10%, 10-30%, 30-60%, máis do 60%?		
21. O profesorado séntese satisfeito coa biblioteca do centro?		

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
E1	Porcentaxe de estudantes que visita a biblioteca (sós ou acompañados)	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E2	Frecuencia de visitas dos alumnos	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E3	Porcentaxe de estudantes que utiliza os recursos na biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E4	Distribución do alumnado usuario da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E5	Porcentaxe de estudantes que utiliza o préstamo persoal	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

	NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓN DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓN
E6	Número de préstamos por estudante e por cada curso escolar ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E7	Porcentaxe de alumnado que asiste ás actividades organizadas pola biblioteca ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E8	Porcentaxe de alumnado satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E9	Porcentaxe de docentes que visita a biblioteca ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E10	Frecuencia de visitas do profesorado á biblioteca (sen acompañar ao grupo clase) ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E11	Distribución do profesorado usuario da biblioteca ☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
E12	Porcentaxe do profesorado que utiliza os recursos na biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E13	Porcentaxe do profesorado que utiliza o préstamo persoal	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E14	Porcentaxe do profesorado que realiza préstamo para a aula	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E15	Variedade dos materiais en préstamo para a aula	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E16	Porcentaxe de docentes que usa outros servizos da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
E17	Porcentaxe do profesorado satisfeito cos recursos e servizos que ofrece a biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

F

Planificación e avaliación

Valórase o Plan anual da biblioteca (a súa concreción, a súa operatividade, o seu grao de formalización e actualización), xunto coas estratexias de avaliación previstas. En ambos os casos, valórase a implicación de distintos axentes (docentes, estudantes, comisión de biblioteca, Dirección...).

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
F1	Alcance do Proxecto da biblioteca	Non existe Proxecto da biblioteca, o cal indica que non existe unha visión do papel que poida cumprir no centro, aínda que haxa algúns servizos en funcionamento (por exemplo, lectura en sala ou préstamo).	O Proxecto da biblioteca ten un alcance limitado. Céntrase basicamente na xestión dos recursos e na oferta de servizos. A biblioteca non se entende como un proxecto formativo nun sentido amplo nin contempla como prioridade a integración curricular.	O Proxecto da biblioteca ten unha visión ampla da biblioteca como proxecto formativo e integrado no currículo; con todo, o seu deseño, a súa posta en práctica e a súa avaliación recaen preferentemente no responsable, sen dispoñer dun apoio e unha implicación estable dos profesores e dos órganos de coordinación pedagóxica.	O Proxecto da biblioteca reflicte o modelo de biblioteca escolar, os obxectivos que propoñen, as estratexias e as accións previstas, así como os procesos de avaliación. A biblioteca enténdese como un proxecto formativo e contempla a integración curricular e coa comunidade nun sentido amplo. Foi elaborado pola persoa responsable en colaboración coa comisión de biblioteca (no caso de que exista). Está referendado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e a comunidade escolar está informada do proxecto.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
F2	Operatividade e formalización do Plan de traballo anual	Non hai un Plan de traballo anual.	Existe un Plan de traballo informal, que non sempre está reflectido nun documento escrito. Está baseado nunha serie de tarefas incorporadas ás rutinas do centro e que permiten prestar uns servizos básicos (xeralmente, a consulta en sala e o préstamo).	Existe un documento básico que reflicte o plan de traballo para ese período. Anualmente establécense unhas prioridades e uns obxectivos. No Plan de traballo adóitanse organizar as tarefas para o ano, aínda que non sempre existe unha repartición clara de tarefas (a maior parte recae sobre o responsable da biblioteca) e tampouco un calendario para alcanzar os obxectivos que se fixaron.	Existe un documento formal e público que describe o Plan de traballo anual. Cada curso establécense unhas prioridades e uns obxectivos. O Plan de traballo ten claramente definidas as tarefas, os responsables de cada unha delas (normalmente cóntase con docentes e estudantes) e un calendario (que indica tarefas continuas, outras ligadas a eventos concretos, tarefas trimestrais ou mensuais...). O Plan anual da biblioteca está integrado na Programación xeral anual do centro.
F3	Adecuación dos procedementos de avaliación	Non leva a cabo ningunha acción de avaliación da biblioteca.	A avaliación da biblioteca está baseada nas impresións do responsable, que foron solicitadas informalmente ao longo do curso.	Ademais das impresións do responsable, a avaliación está baseada noutros datos cualitativos que achegan os usuarios máis frecuentes (estudantes e docentes). Procúrase que a recollida de información se leve a cabo por medio dalgún procedemento concreto (un cuestionario para solicitar opinións, a caixa de suxestións...).	A avaliación baséase en datos obxectivos de uso (visitas, préstamos...) e en datos cualitativos proporcionados polos usuarios (grupos de discusión, enquisas...). Ademais, a biblioteca fai un estudo de usuarios (hábitos de lectura, prácticas en relación coa información, lectura na familia...).

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
F4	Formalización e periodicidade do proceso de avaliación	Non leva a cabo ningún proceso de avaliación que quede formalizado.	A avaliación realízase de maneira informal e non se reflicte en ningún documento específico. Tampouco está fixada a periodicidade da avaliación.	A avaliación formalízase nunha memoria anual, que se integra na memoria do centro.	Ademais de realizar unha memoria anual da biblioteca (que se incorpora á memoria do centro), difúndense e contrástanse os seus datos principais (préstamos anuais, asistencia a actividades...).
F5	Implicación de distintos axentes na planificación e na avaliación	Non hai implicación expresa de ningún axente.	A planificación e a avaliación da biblioteca están deseñadas e executadas exclusivamente pola persoa responsable da biblioteca.	Na planificación e na avaliación adoitan participar, ademais da persoa responsable, os profesores e/ou estudantes máis próximos (é dicir, máis implicados na xestión, dinamización e uso da biblioteca).	A planificación e a avaliación están coordinadas pola comisión de biblioteca e cóntase cos órganos de dirección e coordinación pedagóxica do centro (Dirección, xefatura de estudos, Comisión de Coordinación Pedagóxica...). A participación destes axentes está establecida e é permanente.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación co Plan anual da biblioteca e a implicación de distintos axentes. Unha vez que as contestaches, poderaste axudar das túas respostas para situala nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía	SI	NON
1. Existe un proxecto da biblioteca?		
2. O Proxecto da biblioteca describe o modelo, os obxectivos, as estratexias, as accións e a avaliación prevista?		
3. O Proxecto da biblioteca elaborouno a persoa responsable coa axuda da comisión de biblioteca (no caso de que exista)?		
4. O Proxecto da biblioteca está referendado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica?		
5. Está informada a comunidade escolar da existencia do Proxecto da biblioteca?		
6. Existe un Plan de traballo que organiza as tarefas da biblioteca?		
7. Renóvase anualmente, en función das prioridades e os obxectivos para ese período?		
8. O plan está formalizado nun documento escrito?		
9. O plan é un documento público, que calquera persoa interesada pode consultar?		
10. O plan contempla a descrición de tarefas para o ano?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Analizar (se están dispoñibles) o Proxecto de biblioteca, o Plan de traballo anual e a Memoria anual, segundo as preguntas que se suxiren.
- ☐ Manter unha sesión de discusión coas persoas máis implicadas (Comisión de biblioteca, docentes colaboradores...).

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
11. O plan inclúe a distribución de responsabilidades entre distintos axentes (responsable da biblioteca, docentes, estudantes...)?		
12. Ten un calendario que organiza as tarefas en períodos (trimestralmente, mensualmente, tarefas continuadas...)?		
13. Faise unha avaliación do cumprimento do plan ao final de curso e/ou en períodos intermedios (por exemplo, trimestres)?		
14. O plan anual de biblioteca está integrado na Programación xeral anual?		
15. O plan inclúe formas de avaliación da biblioteca que, á súa vez, permitan marcar prioridades para o ano seguinte?		
16. Emprégase algunha estratexia de recollida e análise de datos estatísticos da biblioteca (por exemplo, visitas, préstamos...)?		
17. Organízase algunha acción específica para solicitar as opinións dos usuarios acerca do funcionamento da biblioteca (caixas de suxestións, cuestionarios, grupos de discusión...)?		
18. Faise algún estudo dos usuarios (por exemplo, hábitos de lectura dos estudantes; prácticas en relación coa información; contorno familiar e lectura; necesidades en relación coa información dos profesores...)?		
19. Organízase algunha sesión de avaliación da biblioteca con usuarios (alumnado e/ou profesorado)?		
20. O proceso de avaliación formalízase nunha memoria anual?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Preguntas guía	SI	NON
21. Difúndense os resultados da avaliación, especificamente dalgúns datos relevantes (por exemplo, préstamos anuais, asistencia a actividades...)?		
22. A planificación e a avaliación están lideradas pola comisión de biblioteca?		
23. No proceso de planificación e avaliación, interveñen docentes?		
24. No proceso de planificación e avaliación, interveñen estudantes?		
25. Na planificación e na avaliación, cóntase co punto de vista da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do equipo directivo?		
26. A participación doutros axentes está establecida, é permanente?		



Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
F1	Alcance do proxecto da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
F2	Operatividade e formalización do Plan de traballo anual	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
F3	Adecuación dos procedementos de avaliación	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
F4	Formalización e periodicidade do proceso de avaliación	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
F5	Implicación de distintos axentes na planificación e na avaliación	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					



Equipo de traballo

Neste punto valóranse a dedicación do responsable, a súa formación e as funcións que desempeña. Tamén se interroga polo papel da comisión de biblioteca e o dos equipos de apoio.

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
G1	Número de horas do responsable	Dependendo do tamaño do centro, a cantidade de horas de dedicación é inferior ao 50% do mínimo requirido (véxase a columna <i>Mínimo de h. do responsable</i> da táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	Dependendo do tamaño do centro, a cantidade de horas de dedicación é superior ao 50% do mínimo requirido (véxase a columna <i>Mínimo de h. do responsable</i> da táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	Dependendo do tamaño do centro, a cantidade de horas de dedicación cumpre o mínimo requirido (véxase a columna <i>Mínimo de h. do responsable</i> da táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).	Dependendo do tamaño do centro, a cantidade de horas de dedicación é superior ao mínimo requirido (véxase a columna <i>Mínimo de h. do responsable</i> da táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117).
G2	Formación do responsable en biblioteconomía e TIC	O responsable non ten formación específica nestas materias (xestión da colección, ALFIN...).	O responsable realizou algún curso non intensivo ou asistiu a encontros e xornadas sobre estas materias.	O responsable realizou cursos de especialización nestas materias, asiste a encontros e xornadas e actualiza a súa formación de maneira continuada.	O responsable ten unha titulación específica, asiste a encontros e xornadas sobre estas materias e actualiza a súa formación de maneira continuada.
G3	Formación do responsable en lectura e libro infantil e xuvenil	O responsable non ten formación específica nestas materias (comprensión lectora, libro infantil e xuvenil, lectura dixital...).	O responsable realizou algún curso non intensivo ou asistiu a encontros e xornadas sobre estas materias.	O responsable realizou cursos de especialización nestas materias, asiste a encontros e xornadas e actualiza a súa formación de maneira continuada.	O responsable ten unha titulación específica, asiste a encontros e xornadas sobre estas materias e actualiza a súa formación de maneira continuada.
G4	Formación do responsable en psicopedagogía e didáctica	O responsable non ten formación específica nestas materias (traballo por tarefas ou proxectos, aprendizaxe colaborativa...).	O responsable realizou algún curso non intensivo ou asistiu a encontros e xornadas sobre estas materias.	O responsable realizou cursos de especialización nestas materias, asiste a encontros e xornadas e actualiza a súa formación de maneira continuada.	O responsable ten unha titulación específica, asiste a encontros e xornadas sobre estas materias e actualiza a súa formación de maneira continuada.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
G5	Alcance das funcións do responsable da biblioteca	O responsable atende consultas dos usuarios e facilita servizos básicos, como o préstamo de materiais.	O responsable atende consultas dos usuarios e facilita servizos básicos, como o préstamo de materiais. Ademais, cataloga e clasifica os fondos e realiza actividades esporádicas de promoción da lectura.	O responsable atende consultas dos usuarios e facilita servizos básicos, como o préstamo de materiais. Ademais, cataloga e clasifica os fondos e realiza actividades programadas de formación de usuarios e de promoción da lectura, no marco do Plan de lectura de centro.	O responsable atende os usuarios (préstamo, consulta...), selecciona e adquire os materiais, organiza os fondos e os servizos avanzados, realiza os procesos técnicos, elabora os documentos de xestión da biblioteca (proxecto, plans, memorias...), ten un papel activo na formación do alumnado e o profesorado no uso dos recursos e da biblioteca, e colabora (lidera) nos plans de lectura de centro. Coordina a comisión de biblioteca e os equipos de apoio.
G6	Consolidación do responsable da biblioteca no cargo	A responsabilidade da biblioteca cambia con frecuencia, polo que non se consolidan as persoas. Non se consegue implicar o profesorado e trabállase de modo illado.	A persoa responsable da biblioteca leva pouco tempo no cargo, aínda que se lle recoñecen funcións de tipo organizativo.	O responsable da biblioteca está consolidado nas súas funcións e cargo e leva tempo exercendo a responsabilidade da biblioteca. Recoñécenselle funcións organizativas e valórase o seu traballo. Recibe apoio do equipo directivo, aínda que traballa de modo illado.	O responsable está consolidado nas súas funcións e cargo e leva tempo exercendo a responsabilidade da biblioteca. Recibe apoio do equipo directivo e recoñécese a súa figura no organigrama do centro. Tense en conta a súa opinión en todo o referente aos ámbitos da lectura e da información no centro.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
G7	Composición da comisión de biblioteca	O centro non conta con comisión de biblioteca.	A comisión de biblioteca está constituída soamente por profesorado.	A omisión de biblioteca está constituída por profesorado representativo de todas as áreas e niveis e por unha representación do equipo directivo e do alumnado.	Todos os membros da comunidade escolar contan con representación na comisión de biblioteca. Tamén poden formar parte desta comisión representantes de entidades do contorno (asociacións, biblioteca pública etc.).
G8	Alcance das funcións da comisión de biblioteca	O centro non conta con comisión de biblioteca.	O centro conta cunha comisión de biblioteca cuxas funcións se limitan a aprobar o Plan de traballo que presenta o responsable da biblioteca.	A comisión de biblioteca do centro implícase activamente na elaboración do plan de traballo da biblioteca.	A comisión de biblioteca implícase activamente na elaboración e seguimento do plan de traballo da biblioteca e ten a función de asegurar a coordinación desta coas actividades curriculares.
G9	Existencia e composición dos equipos de apoio	A biblioteca non conta con ningún equipo de apoio nin con outras modalidades de colaboración coa comunidade escolar para distribuír tarefas.	A biblioteca non conta con ningún equipo de apoio estable, pero ocasionalmente solicita a colaboración dos distintos colectivos.	A biblioteca conta cun equipo de apoio formado exclusivamente por un dos colectivos da comunidade escolar (profesorado, alumnado ou familias) que traballa nalgún ámbito concreto (catalogación, consulta en sala, préstamo...).	A biblioteca conta cun ou máis equipos de apoio formados por profesorado, alumnado e/ou familias. Os membros do equipo colaboran voluntariamente nas tarefas da biblioteca e teñen diversos perfís e habilidades, que complementan os da persoa responsable da biblioteca.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
G10	Alcance das funcións do equipo de apoio	A biblioteca non conta con ningún equipo de apoio, nin con outras modalidades de colaboración coa comunidade escolar para distribuír tarefas.	Aínda que existe un equipo de apoio, as súas colaboracións son esporádicas e límitanse a eventos concretos.	A biblioteca conta, polo menos, cun equipo de apoio estable, cuxa colaboración permite planificar as tarefas e mellorar os servizos en aspectos como a ampliación dos horarios, a preparación dos materiais etc.	A biblioteca conta cun ou máis equipos de apoio estables, o que permite planificar as tarefas e mellorar os servizos en aspectos como a ampliación dos horarios, a preparación dos materiais etc. Os equipos de apoio teñen un papel activo na organización de actividades (xornadas culturais, celebracións, exposicións...).

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudarache a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca en relación co equipo de traballo (dedicación, formación da persoa responsable, equipos de apoio...). Unha vez que as contestaches, poderás axudarte das túas respostas para situar a biblioteca nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía	SI	NON
1. O número de horas de dedicación á biblioteca por parte do responsable é suficiente para atender as necesidades de toda a comunidade escolar (véxase a columna Mínimo de h. do responsable da táboa de valores numéricos do anexo, páxina 117)?		
2. O responsable da biblioteca está capacitado para realizar traballos técnicos de biblioteca (catalogación, forrado...)?		
3. O responsable da biblioteca ten formación para organizar actividades de promoción da lectura?		
4. O responsable da biblioteca ten formación para deseñar actividades de alfabetización en información?		
5. O responsable da biblioteca está preparado para impulsar traballos de investigación e realizar o seu seguimento?		
6. O responsable da biblioteca asiste a actividades de formación continuada (cursos, xornadas, congresos...)?		
7. O responsable da biblioteca establece a política de organización e uso da biblioteca?		
8. O responsable da biblioteca elabora o plan de traballo anual?		
9. O responsable da biblioteca elabora o proxecto e a memoria?		

Para solicitar información, indica que medios empregaches:

- ☐ Revisar os documentos que se refiren á comisión de biblioteca ou as mencións que se fan dela nos documentos xerais do centro.
- ☐ Reunir a comisión de biblioteca e valorar conxuntamente tanto os logros como as melloras.
- ☐ Analizar os plans de formación do centro para asegurar que se inclúan aspectos relativos á biblioteca.

Ademais, utilicei:

Preguntas guía	SI	NON
10. O responsable da biblioteca selecciona e adquire os materiais?		
11. O responsable da biblioteca atende os usuarios (información, préstamo, consulta...)?		
12. O responsable da biblioteca ten un papel activo na elaboración e execución do Plan de lectura de centro?		
13. O responsable da biblioteca está consolidado no cargo e é recoñecido o seu papel no centro?		
14. O responsable da biblioteca impulsa proxectos de mellora?		
15. A comisión de biblioteca é representativa da realidade dos seus usuarios?		
16. A comisión de biblioteca está formada por representantes de distintos niveis e áreas de coñecemento?		
17. Están representados na comisión de biblioteca todos os membros e cargos da comunidade educativa (profesorado, alumnado, equipo directivo, familias...)?		
18. A comisión de biblioteca ten a función de asegurar a coordinación desta coas actividades curriculares?		
19. A comisión de biblioteca ten a función de establecer o plan de traballo da biblioteca?		
20. A biblioteca conta cun equipo de apoio voluntario para ampliar o horario do responsable?		
21. O responsable da biblioteca consegue a implicación do profesorado nos equipos de apoio?		
22. Colaboran estudantes voluntarios no equipo de apoio?		
23. Colaboran as familias no equipo de apoio?		

Ideas interesantes para a miña biblioteca:

Preguntas guía	SI	NON
24. O perfil dos membros do equipo complementase co do responsable da biblioteca?		
25. O equipo de apoio colabora en aspectos técnicos da biblioteca (preparación de materiais, de actividades, catalogación...)?		

Como mellorar? FOLLA DE AVALIACIÓN E PLANIFICACIÓN

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓN DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
G1	Número de horas do responsable	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G2	Formación do responsable en biblioteconomía e TIC	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G3	Formación do responsable en lectura e libro infantil e xuvenil	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G4	Formación do responsable en psicopedagogía e didáctica	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G5	Alcance das funcións do responsable da biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G6	Consolidación do responsable da biblioteca no cargo	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					

		NIVEL ACTUAL	NIVEL DESEXADO	ACCIÓNS DE MELLORA	PERSOAS IMPLICADAS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
G7	Composición da comisión de biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G8	Alcance das funcións da comisión de biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G9	Existencia e composición do equipo de apoio de biblioteca	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					
G10	Alcance das funcións do equipo de apoio	☐ Deficiente ☐ Limitado ☐ Bo ☐ Excelente					



Comunidade profesional

Valórase a relación que se establece con programas institucionais de mellora da biblioteca escolar, xa sexan promovidos polas administracións educativas ou por outro tipo de entidades (fundacións...). Así mesmo, valórase a integración en redes profesionais, asociacións, grupos de traballo, seminarios especializados etc. Por último, valórase a colaboración coa biblioteca pública, así como con outros centros de documentación en educación, lectura infantil e xuvenil etc. (centros de profesores, bibliotecas...).

Como o estamos facendo?

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
H1	Integración en programas institucionais de lectura e biblioteca escolar (promovidos polas administracións educativas ou outras entidades)	Non se participa en ningún programa de apoio á biblioteca escolar. As razóns poden ser diversas (desde a ausencia dun programa deste tipo na zona á falta de iniciativa do centro educativo).	A biblioteca usa esporadicamente algún dos recursos que xeran estes programas (guías de lectura, ferramentas normalizadas para os procesos técnicos, documentación e orientacións, asesoría...).	A biblioteca benefíciase do conxunto de iniciativas que xeran estes programas e intégralas na súa actividade (documentación, orientacións, asesoría, actividades de formación, apoio en liña...).	A biblioteca escolar, ademais de empregar os recursos que proporcionan estes programas, toma a iniciativa e/ou lidera algunha acción concreta: forma parte de grupos de selección de lecturas, coordina algún grupo de traballo, modera algún foro ou grupo de discusión... Ademais, a biblioteca participa nas convocatorias de apoio promovidas por estes programas (proxectos de innovación, premios ás boas prácticas....).

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
H2	Participación en redes profesionais (con outras bibliotecas escolares), grupos de traballo e/ou seminarios especializados	A biblioteca non forma parte de ningunha destas iniciativas.	A biblioteca mantén relacións esporádicas con outras bibliotecas escolares. Ademais, usa algúns dos recursos que crean grupos de traballo ou seminarios especializados (guías de lectura, revistas e boletíns electrónicos etc.).	A biblioteca mantén unha relación estable con outras bibliotecas escolares. Ademais, toma parte activa nalgún seminario ou grupo especializado e colabora nas súas iniciativas (creación de materiais, asesoría, formación...).	A biblioteca mantén unha relación estable con outras bibliotecas escolares e promove accións conxuntas. Ademais de tomar parte activa en grupos especializados, lidera algunha acción ou programa concreto (por exemplo, coordina algunha das súas publicacións ou actividades de formación). No caso de que teñan un reflexo en redes sociais, a biblioteca forma parte do grupo de amigos.
H3	Colaboración coa biblioteca pública	Non hai colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública. As razóns poden ser diversas (desde a ausencia de servizos para centros educativos por parte da biblioteca pública da zona, ata a falta de iniciativa do centro educativo).	A biblioteca colabora de maneira esporádica coa biblioteca pública. Acode a algunha das actividades (xeralmente de fomento da lectura) que organiza a biblioteca pública para centros educativos (encontros con autores, presentacións de libros, contacontos...).	A biblioteca participa activamente nas actividades que organiza a biblioteca pública, tanto as de fomento da lectura como as de formación de usuarios (visitas guiadas e programas específicos). A biblioteca fai consultas profesionais concretas (préstamo de materiais, dúbidas técnicas, asesoría...).	A biblioteca, ademais de participar nas actividades e programas da biblioteca pública, toma a iniciativa e promove un programa de acción conxunta (por exemplo, creación de materiais formativos, programas para o uso da información...). A biblioteca escolar fai demandas profesionais diversas á biblioteca pública (en temas técnicos, de análises de usuarios, de promoción da lectura e de formación no uso da información). A biblioteca dá a coñecer as actividades da biblioteca pública que son de interese para os estudantes, os profesores ou as familias.

		DEFICIENTE	LIMITADO	BO	EXCELENTE
H4	Relación con outros centros de información e documentación educativa (centros de profesores, bibliotecas especializadas, arquivos...)	A biblioteca non mantén relación con ningún centro de documentación educativa.	A biblioteca mantén unha relación esporádica con centros de documentación educativa. Realízase algunha visita ou consulta, motivada por demandas concretas dalgún docente (por exemplo, para localizar un documento...).	A biblioteca, ante as demandas dos profesores sobre bibliografía, lexislación, recursos..., consulta habitualmente outros centros de documentación educativa (bibliotecas especializadas, servizos das administracións educativas, centros de profesores e recursos).	A biblioteca consulta e usa regularmente os servizos de centros de documentación educativa. Está subscrita aos servizos de información (boletíns electrónicos, servizos RSS etc.) e fai uso do préstamo, boletíns de novidades, bibliografías etc.

Como saber o nivel de logro da nosa biblioteca?

Estas preguntas axudaranche a coñecer os puntos fortes e débiles da biblioteca respecto da súa relación con programas institucionais de mellora, a integración en redes profesionais e a colaboración coa biblioteca pública, así como con outros centros de documentación especializados. Unha vez que as contestaches, poderás axudarte das túas respostas para situar a biblioteca nalgún dos catro niveis descritos nas páxinas anteriores (deficiente, limitado, bo ou excelente). As respostas (si/non) non deben ser vistas como un valor absoluto, senón como unha guía orientativa.

Preguntas guía		SI	NON
- Preparar e facerlles chegar ás persoas participantes unha orde do día cos puntos fundamentais para tratar. Ao finalizar a sesión, reservar cinco minutos para facer unha acta breve cos acordos principais, que serán a base para, posteriormente, definir o plan de mellora. Asignar de forma rotativa esta responsabilidade.
- Reunir nun *dossier* (electrónico e/ou impreso) todo o material que se vai xerando durante a reflexión: a folla do plan de autoavaliación, a folla de datos da biblioteca, as convocatorias de cada reunión e as súas actas, as follas de traballo de todas as dimensións avaliadas.



É recomendable:

- Revisar as anotacións e ideas que han ir xurdindo de maneira parcial durante o proceso de reflexión (tanto nas follas de traballo como nas actas das reunións).
- Establecer claramente as prioridades en función das necesidades e do prazo que se fixou para o plan de melloras (recomendable que sexa bienal).
- Implicar, na definición do Plan de mellora, ademais da persoa responsable da biblioteca e á comisión de biblioteca, ao equipo directivo, para asegurarse os recursos necesarios (tempos de dedicación do responsable, tempos asignados a outros docentes, recursos económicos, intervencións nas instalacións, melloras na dotación tecnolóxica...).
- Incorporar as propostas de mellora no plan anual da biblioteca correspondente ao seguinte curso.

Folla de traballo:

Folla resumo da autoavaliación, seleccionando só as dimensións do itinerario elixido.

Tempo estimado:

Tres sesións



Tempo estimado:
Unha sesión

É recomendable:

- Propor algunha sesión de presentación formal dos resultados obtidos, xunto coas propostas de mellora, á Comisión de Coordinación Pedagóxica e ao Consello Escolar. Este tipo de accións pode reforzar o seu compromiso.
- Organizar algunha sesión de traballo con outro ou outros centros que estean a levar a cabo un proceso de autoavaliación similar. Contrastar a análise e as propostas de mellora.
- Aproveitar distintas circunstancias para facer visible o proceso de mellora, tanto para o equipo directivo, como para os profesores, os alumnos e as familias.

Consellos de...

Olga Serra. *Directora xeral da Fundació Escoles Garbí (Barcelona)*

A ferramenta de autoavaliación: unha axuda para a toma de decisións e a mellora das nosas bibliotecas

A Fundació Escoles Garbí é propietaria e titular da Escola Garbí Pere Vergés de Badalona e de Esplugues de Llobregat. Ambas as escolas, de titularidade privada e concertadas polo Departament d'Educació da Generalitat de Catalunya, imparten un modelo pedagóxico propio e de calidade, referente dos valores da tradición educativa catalá desenvolvidos polo mestre Pere Vergés. O modelo educativo ten como misión formar alumnos responsables, con criterio e espírito crítico, que aprendan a ser libres, a saber sentir e convivir e a saber respectar. O equipo docente e non docente, formado por 250 profesionais, traballa activamente para fomentar que os alumnos (1.600 entre as dúas escolas), desde educación infantil ata bacharelato, crezan como individuos e como membros comprometidos dunha comunidade, capaces de recoñecer e potenciar as súas habilidades e superar as súas dificultades.

Como directora xeral e presidenta desta Fundación desde 2002, teño a responsabilidade da xestión global dos centros educativos e garantir a revisión e vixencia do noso modelo pedagóxico propio.

O proxecto biblioteca e, en consecuencia, o espazo biblioteca é fundamental para levar a cabo o noso proxecto pedagóxico, cuxa xestión está a cargo de diplomados en Biblioteconomía e documentación. As bibliotecas de ambos os centros teñen que lles permitir aos nosos alumnos adquirir a formación que garanta o hábito lector e o gusto pola lectura, así como a formación de usuarios capaces de obter a información necesaria a través dos diferentes medios e soportes que nos ofrecen as novas tecnoloxías.

A *ferramenta de autoavaliación* supón unha axuda imprescindible para a avaliación e a mellora da biblioteca escolar. É unha ferramenta clave para poder determinar as medidas que hai que tomar, así como unha

contribución importantísima á análise e a planificación da evolución e mellora dos servizos que ofrece. Permite situarnos no punto de partida no que se atopa a biblioteca dos nosos centros, así como deseñar procesos de mellora de maneira moi apropiada.

O equipo de expertas, responsables da elaboración da ferramenta, avala amplamente a calidade do proxecto, tanto no aspecto metodolóxico como nos aspectos teóricos e de coñecemento do terreo. Da súa ampla experiencia ofrécesenos unha ferramenta útil, ben exposta e áxil de utilizar.

Certamente, existe no noso ámbito educativo pouca experiencia de autoavaliación, non só en relación coa biblioteca escolar. Moitos procesos fanse ser lentos e a miúdo non se conta con demasiado tempo de dedicación á biblioteca escolar. Un instrumento áxil e de fácil aplicación, sen renunciar ao rigor, fan que esta ferramenta sexa dobremente útil.

A cultura da avaliación non está presente no desenvolvemento dos servizos bibliotecarios escolares e tampouco no conxunto da escola. *Os avaliadores non queren ser avaliados.* Considero clave as achegas que permiten avanzar e analizar as dinámicas establecidas que, a miúdo, seguen un proceso de inercia porque *sempre se fixeron así*. Debido a iso, os responsables de bibliotecas escolares, así como da dirección dos centros educativos, dispoñen con esta ferramenta dunha oportunidade para basear a análise de como o estamos facendo con evidencias documentais e propostas de indicadores idóneos. Na mesma liña, as escolas que implantan os sistemas de calidade na xestión de centros (ISO ou EFQM), procesos de autodiagnóstico pedagóxico (Escalae), análise APPCC nos servizos de cociña e comedor etc., contan cuns indicadores claros e definidos que proporcionan información relevante para facilitar a mellora da calidade do centro escolar, da práctica docente e, por extensión, do sistema educativo no seu conxunto.

Nos centros nos que, en maior ou menor medida, están a prestarse

servizos bibliotecarios adoitamos saber *como o estamos facendo?*, pero non analizamos como facer para mellorar. A partir desta análise, desta reflexión, será moito máis fácil avanzar no proceso de mellora. Poderemos establecer mecanismos e procedementos, tomar decisións e determinar as accións prioritarias.

Recomendo o uso desta ferramenta de autoavaliación, non soamente por parecerme que os criterios de elaboración sexan oportunos e moi coherentes, senón polas posibilidades de visualizar todo o camiño que nos queda por percorrer. Así, a ferramenta, ademais de ofrecernos elementos de análises para situar o estado da nosa biblioteca nos seus diversos ámbitos, pode entenderse tamén como folla de ruta ou mapa de transformación, onde se visualicen novas etapas que podemos ir alcanzando, así como a posibilidade de contextualizar o proceso nun cronograma.

En canto ás dimensións, axentes e indicadores de avaliación, o oito dimensións expostas recollen, ao meu entender, a globalidade dos elementos que hai que ter en conta para unha autoavaliación global e exhaustiva. Considero que pode resultar interesante que os centros educativos utilicen a totalidade da ferramenta para facer unha radiografía global do estado da súa biblioteca escolar, pero tamén incorporar o seu uso de maneira secuenciada, dentro dun proceso de planificación estratéxica, onde para cada curso académico nos poidamos propor expor a análise e desenvolvemento de mellora de dúas ou tres das dimensións. Dada a complexidade dos diversos puntos de partida, situacións e recursos das bibliotecas nos diferentes centros educativos, esta segunda posibilidade permitiría sacarlle o máximo partido á ferramenta, que, ao aplicarse de maneira gradual, podería resultar máis asumible e efectiva.

Animo as direccións dos centros educativos e os responsables de biblioteca escolar a aproveitar esta ferramenta exhaustiva e sinxela de uso, por considerar, sinceramente, que é un instrumento en verdade útil, non soamente para diagnosticar o estado das nosas bibliotecas, senón para mellorar os seus servizos, recursos, alianzas e potencialidades. Unha oportunidade para dotar os nosos centros dunhas bibliotecas dinámicas e presentes no conxunto do centro, como verdadeiros laboratorios para a

aprendizaxe no uso da información, e espazos de creatividade que estimulen e axuden ao fomento lector.

Cristina Novoa. *Responsable de bibliotecas escolares da Xunta de Galicia*

Un instrumento a favor da biblioteca escolar

Abunda no ámbito educativo un preconceito segundo o cal *o que non se avalía non existe*. Aínda entendendo o inxusto desta afirmación, o certo é que as decisións que se toman á hora de analizar e medir resultados configuran unha realidade, pois o que aparece nas probas de diagnóstico ou o que se contempla nos criterios de avaliación recollidos no currículo, vaise traballar realmente na escola, mentres que o que non aparece, traballárase ou non. Porque os instrumentos de avaliación poden axudar a crear unha realidade, ou a ocultala, é polo que resulta tan decisiva unha ferramenta como esta, polo seu contido, o seu enfoque e as posibilidades que ofrece.

Existen as bibliotecas escolares? Son invisibles, aínda existindo? Son barcos parados en mares de area? A que responde a súa actuación? De que depende a súa presenza activa nos centros? Obter unha radiografía o máis axustada posible da biblioteca escolar que pretendemos, adoita ser un exercicio moi beneficioso e frutífero. Ata o momento, o profesorado interesado neste ámbito educativo contaba con ferramentas máis ou menos complexas, pero parciais sempre, e orientadas máis a coñecer indicadores cuantitativos en relación cos recursos dispoñibles que a analizar o auténtico uso que da biblioteca escolar estaba a facerse no centro. Máis aló dos estudos estatísticos que poidan estimular o profesorado, a centros, a institucións ou a administracións educativas a tomar iniciativas a favor da biblioteca escolar, a práctica da análise e a autoavaliación ten consecuencias sempre positivas no territorio escolar. Os resultados poden ser, ás veces, desconcertantes e non corresponder ao esforzo realizado, pero soamente partir deses resultados vai permitir repensar as prácticas e atopar novas vías de avance.

A participación en programas específicos de renovación da biblioteca escolar está a obrigar a moitos centros a entrar nunha dinámica de autoexame da súa biblioteca e do uso que a comunidade educativa vén facendo dos recursos que esta pon á súa disposición. O feito de ter que analizar a situación da biblioteca para poder elaborar un proxecto de

mellora, con base nalgúns parámetros establecidos pola convocatoria do programa; o feito de ter que planificar unhas actuacións, axustándose a unhas condicións e posteriormente elaborar unha memoria sobre os traballos realizados, favorece avances significativos, sempre que as liñas de actuación que se deseñen para anos posteriores partan dos resultados desa avaliación.

Analizar a actuación do equipo de biblioteca, e da comunidade educativa no seu conxunto con respecto a ela (recursos dispoñibles, usos, aprendizaxes e resultados), supón mirarse, observar, anotar, revisar, reflexionar, cuantificar, cualificar, cruzar datos, planificar, presentar resultados, contrastar normativas ou pautas existentes; supón enfocar as dificultades, pero tamén os acertos. Axuda a ampliar a visión e dota o profesorado de perspectiva: é frecuente que, metidos no remuíño da actividade diaria, non se identifiquen os avances que se van realizando, e só se teñan en conta os aspectos negativos ou se faga unha lectura pesimista dos resultados. Moitos equipos docentes manifestan que, ao ter que realizar unha reflexión sobre o traballo realizado para poder plasmarlo nunha memoria, obteñen unha visión diferente e máis positiva sobre o seu traballo (en ocasións sorprendente), e que a autoestima do grupo mellora de forma significativa.

Por todo iso, é decisivo poder contar cunha ferramenta destas características para a autoavaliación das distintas dimensións nas que se deben mover as actuais bibliotecas escolares. En primeiro lugar porque fixa estas dimensións. Aínda que o artigo 113 da *Lei orgánica de educación* (2006) explicita os obxectivos da biblioteca escolar, o modelo que propón aínda non é unha realidade estendida nin se traballa co mesmo enfoque en todos os centros. As bibliotecas que configuran a colección de forma pouco equilibrada, non introducen os novos soportes ou deseñan actividades destinadas unicamente a fomentar a lectura literaria entre o alumnado, están moi distantes do labor que a normativa vixente lles outorga. Pola contra, a ferramenta para a autoavaliación das bibliotecas escolares que aquí se presenta contempla de forma moi específica a función destas bibliotecas como apoio ao currículo no seu conxunto, e desenvolve todos e cada un dos aspectos que se deben ter en conta para facilitar a existencia dun auténtico recurso educativo, que actúe como elemento estratéxico ao servizo da calidade do ensino e da autonomía na aprendizaxe. Permite

avaliar a contribución da biblioteca á adquisición de competencias básicas contempladas nos currículos vixentes, un dos labores fundamentais para as actuais bibliotecas. E unha desas competencias básicas é a competencia en comunicación lingüística, na que a lectura cobra especial importancia. Os obxectivos relacionados coa lectura foron sempre horizonte para o profesorado que puxo en marcha as bibliotecas nos seus centros, pero hoxe o alumnado precisa desenvolver habilidades avanzadas de lectura, desenvolver capacidades de uso, selección e produción da información que lle faciliten a vida persoal, social, académica e laboral, que a enriquezan e a eleven a niveis de excelencia. Cando algúns estudos nos alertan sobre os niveis de lectura comprensiva do alumnado hai que tomar decisións, e non se lle poden poñer límites á aprendizaxe cando os retos sociais son tan complexos e esixen tanto dos cidadáns. Traballar pola excelencia pois, tamén desde a biblioteca escolar, é un deber social e un compromiso profesional, e o é traballar desde unha biblioteca plenamente integrada na vida do centro, fortalecida polo propio centro na medida en que precisa dela para poder exercer as súas funcións.

Pero, ademais, esta ferramenta propón analizar dimensións que ata agora non se tiveron demasiado en conta, pero que na actual sociedade da información son cruciais: a importancia do equipo, dese conxunto de profesionais que xuntan esforzos e coñecemento para ofrecer servizos diversificados e eficaces a toda a comunidade educativa, nun paso compasado de ida e volta, de información e de propostas, de iniciativas e de contrastes, sempre a través da coordinación que debe apoiarse na estrutura organizativa do centro; a creación de canles de comunicación coas familias, buscando a súa implicación na formación dos lectores e das lectoras, tan importante; ou a colaboración con outras bibliotecas escolares ou públicas. Valórase, tamén, a participación en redes sociais presenciais ou virtuais, en espazos comúns de traballo e colaboración, de aprendizaxe profesional e de desenvolvemento.

Esta ferramenta de autoavaliación axuda, pois, a visibilizar un modelo de biblioteca escolar concreto que se corresponde coa biblioteca que se precisa para afrontar os retos actuais: cambios na forma de acceder á información, nas formas da cultura escrita, quizais tamén no fondo, nos contidos, e na forma de construír o propio coñecemento; cambios tamén

na forma de comunicarse e de traballar cos outros. Os novos soportes, as tecnoloxías emerxentes, esixen novas capacidades aos individuos e demandan do sistema educativo cambios metodolóxicos e, seguramente tamén, transformacións profundas en canto á organización e xestión dos centros, en canto ás relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa. E a biblioteca escolar pode contribuír e mesmo liderar estas transformacións.

A utilización desta ferramenta permitiralle a calquera equipo docente, integrado ou non nun programa de mellora, achegarse á realidade da súa biblioteca, coñecer a fase na que se atopa con respecto a un horizonte de excelencia, planificar os pasos que hai que dar para facilitar avances e sistematizar este necesario exercicio de autoavaliación. Empregada de forma total ou parcial, constitúe un instrumento de grande utilidade para os centros educativos, calquera que sexa a fase na que se atope a súa biblioteca escolar. É, tamén, unha excelente contribución aos obxectivos das administracións educativas, en relación cun recurso que pode ser factor estratéxico a favor da calidade do ensino.

Eulàlia Espinàs. *Experta en avaliación e xestión de bibliotecas*

Utilidades e consellos para a ferramenta de autoavaliación

De entrada, aplicar unha ferramenta de autoavaliación é como mirarse a un espello, saber como somos, detectar como nos afecta o paso do tempo, observar quen somos en comparación ao que quixeríamos ser e en contraste para cos demais... Pero non é só iso. A aplicación dun proceso de avaliación, en realidade, vai máis aló.

A continuación vou expoñer as bases do que é a avaliación como ferramenta básica para a reflexión, a implantación de melloras e a xestión dun servizo de calidade, finalidade última da aplicación dunha ferramenta de autoavaliación.

A avaliación, concepción e definicións

En toda actividade ou proxecto é fundamental o coñecemento obxectivo do que está a pasar. Aplicar un proceso avaliativo permite obter este coñecemento obxectivo.

En toda actividade ou proxecto é fundamental establecer unhas metas ás que se desexa chegar. Aplicar un proceso avaliativo permite saber o lonxe estamos destas metas.

En toda actividade ou proxecto é fundamental coñecer os nosos puntos fortes e os nosos puntos débiles, para establecer un plan de acción sensato que, apoiado nos nosos puntos fortes, nos permita superar ou minimizar os nosos puntos débiles. Aplicar un proceso avaliativo permite diferenciar os puntos fortes e os puntos débiles e establecer un plan de acción de cambio e mellora viables.

«A avaliación é un proceso sistemático mediante o cal se obtén a información necesaria sobre os resultados, previstos ou non, e o funcionamento dun proxecto para saber en que medida se logran os obxectivos e se desenvolve a produción, e poder tomar así as decisións oportunas para reconducir o dito proxecto mediante a modificación de calquera dos seus aspectos»¹.

Por que e para que a avaliación

O feito de facer ou non un proceso de avaliación vén determinado, a

miúdo, por impulsos externos, pero tamén pode darse por cuestións internas:

- a. Render contas a un estamento superior.
- b. Gañar en eficacia e/ou en eficiencia nos procesos, na comunicación, nos servizos que se ofrecen, nos recursos etc.
- c. Coñecer onde nos atopamos para establecer plans de mellora.

En calquera caso, debe tomarse como unha oportunidade que facilita:

1. Dispoñer dun instrumento que permite facer diagnóstico.
2. Medir a consecución dos obxectivos propostos.
3. Compararse de forma periódica cun mesmo e observar a evolución.
4. Compararse con outros servizos parecidos.
5. Xustificar a existencia do propio servizo e/ou das súas actividades.

Ademais, se o proceso de avaliación se toma con actitude construtiva por parte dos profesionais que a levan a cabo —máis aló da autocompracencia e/ou da visión negativa do *non hai saída*— os procesos avaliativos convértense nunha ferramenta facilitadora que permite:

- a. Coñecer a realidade con obxectividade de forma detallada e global.
- b. Detectar e anticiparse aos problemas.
- c. Reflexionar sobre como se están levando a cabo as accións.
- d. Establecer obxectivos de mellora.
- e. Axudar a planificar de forma viable.

Este conxunto de características fai da avaliación un elemento crave para o que, en xestión, denomínase *toma de decisións*.

Facilitar a realización dun plan de mellora por parte da ferramenta que se propón é fundamental. Por unha banda, porque é o obxectivo último de todo proceso de avaliación e, por outro, porque para emprender accións debe, previamente, establecerse un plan que marque as prioridades, os recursos, o calendario etc. E para iso fai falta unha guía.

A necesidade de sistematizar

A avaliación baséase no principio de medida: aquilo que non se pode medir, xa sexa con valores cuantitativos ou de opinión, non pode ser avaliado.

Para avaliar, pois, requírese información obxectiva (datos). Segundo o que

se desexa avaliar, recolleranse uns ou outros datos, pero en calquera caso este proceso debe ser sistemático se se busca a súa fiabilidade.

Existen diferentes métodos para recoller datos e poden aplicarse de forma puntual, permanente ou de forma combinada. Segundo o tipo de datos que se recollan e segundo os recursos dos que se dispoña, optarase por unha ou outra opción.

En calquera caso, é fundamental que a recollida e o procesado dos datos se poidan levar a cabo racionalmente, cos esforzos necesarios, pero aceptables. Por iso é moi importante valorar previamente se se pode ou non emprender a dita tarefa, se se pode ou non garantir unha recollida de datos sistemática, que tipo de datos poden recollese con fiabilidade, que esforzo require e se o proceso se poderá levar a cabo periodicamente.

A ferramenta de autoavaliación que se presenta tenta facilitar ao máximo non só a recollida dos datos e a súa valoración, senón que tamén establece criterios e ofrece elementos de axuda que deben favorecer a súa aplicación con rigor e regularidade.

A visión evolutiva

Cando se aplica un proceso de avaliación obtemos unha radiografía puntual da organización, servizo ou proxecto que se está observando. Unha radiografía que responde a un momento dado e que, como moito, ofrece un estado da cuestión do elemento analizado.

Isto é interesante en si mesmo, pero para obter unha visión de se a situación é estática ou evoluciona, deberase repetir a avaliación periodicamente.

Para iso débese ter en conta que canto máis parecidos sexan o método e os criterios aplicados no proceso de avaliación, poderanse establecer máis elementos de contraste e, á súa vez, máis fiable será o contraste entre os dous momentos analizados.

Se, ademais, se prevé cunha periodicidade estable, co paso dos anos vaise obtendo unha visión evolutiva do centro que permite aflorar as tendencias de cara a onde imos e, no caso de que iso non sexa desexable, tomar decisións para cambiar a dita tendencia.

Por isto, a ferramenta de autoavaliación que se proporciona, dada a súa amplitude e o seu consenso, pode considerarse adecuada para obter unha radiografía actual da biblioteca e, se se desexa observar a evolución da mesma, deberá facerse de novo o mesmo estudo, cos mesmos parámetros, transcorrido o tempo suficiente como para que esta evolución sexa palpable.

A proposta de aplicar o método de forma bienal creo que responde adecuadamente ás posibilidades dos centros, tanto polo traballo que iso leva como para visualizar os cambios substantivos que se produzan: a súa evolución, as súas tendencias e a influencia das decisións tomadas no cambio das devanditas tendencias.

Se o centro desenvolve, ademais, un sinxelo sistema informatizado no que poidan baleirar os datos reunidos cada vez que se autoavalíe (un *Excel* é suficiente), poderá obter facilmente unha visión da evolución destes, en formatos de cadros e/ou gráficos. Observar os datos de forma gráfica axuda en gran medida á súa comprensión e interpretación.

A calidade e a avaliación algo que ver?

Aínda que a avaliación se identifica habitualmente coa medición dos resultados finais dunha actividade ou servizo, a avaliación é un proceso máis global que acompaña a estratexia da *calidade total*.

Co concepto de *calidade* indícase ata que punto un servizo é adecuado a uns obxectivos preestablecidos. Co concepto de *calidade total* desenvólvese unha estratexia para mellorar os resultados, a partir de aplicar o principio de calidade en cada un dos procesos específicos que compoñen o servizo. Para conseguilo, é necesario observar e medir todos os aspectos que interveñen niso. Este proceso recibe o nome de *control de xestión* ou *avaliación*.

Aplicado nos servizos, como a biblioteca, a calidade axuda a atopar o punto de equilibrio entre as expectativas do usuario e os obxectivos do propio servizo. Pero existe unha dificultade intrínseca: o carácter intanxible do servizo. Por isto, a miúdo avalíase centrando o proceso no propio dato, co intento de obxectivar ao máximo a intanxibilidade da acción.

No fondo da ferramenta de autoavaliación propónse un plan de mellora

baseado na calidade. E iso pode ser unha ferramenta de estímulo en moitos sentidos: crear grupos de traballo ou *círculos de calidade*; reflexionar sobre o desenvolvemento curricular a partir dos elementos de soporte como a biblioteca; ser un centro de experimentación; aglutinar iniciativas etc. Calquera deles pode facer da biblioteca escolar un modelo a seguir para outras áreas do centro na xestión da calidade.

Métodos avaliativos segundo fins e recursos

Para avaliar un servizo ou proxecto existen diferentes métodos. Segundo as ferramentas, os recursos, a especialización dos profesionais etc., deberase aplicar un método ou outro. Pero iso tamén virá determinado polo obxectivo da propia avaliación.

Non todos os métodos son válidos para o mesmo. Se se quere avaliar os resultados dun determinado servizo, posiblemente deberase construír un sistema de indicadores de rendemento. Se se quere coñecer o grao de satisfacción dos usuarios, posiblemente se recorrerá a estudos puntuais con ondas de repetición periódicas.

No caso que nos ocupa, un cuestionario pautado como o que se ofrece permitirá un proceso de reflexión global moi válido como punto de partida para propoñerse obxectivos. Facilita a observación de se a biblioteca está ben concibida no proxecto do centro e ben integrada no mesmo. Facilita ata que punto conta con recursos, está actualizada ou dispón dun plan de mellora.

Pola contra, non é un método útil para observar de forma continua o rendemento do *servizo* (os usos, os ciclos, as frecuencias, as variacións etc.) valorando con iso o que nel *se inviste*, que e como se ofrece, e observando que *beneficio* se obtén diso por parte dos alumnos, dos profesores e do centro en xeral.

Quedarán para procesos futuros, pois, outros métodos máis complexos —pero necesarios— como o desenvolvemento dos indicadores de rendemento da biblioteca ou os estudos de satisfacción das demandas, necesidades e expectativas dos usuarios desta.

Notas

1. Rosselló Cerezuela, David. *Diseño y evaluación de proyectos culturales*. p.189.

Isabel Monguilot. *Catedrática de ensino secundario*

A autoavaliación da biblioteca debe ser asumida polo centro

1. A ferramenta é un instrumento para unha avaliación interna e concíbese como apoio aos procesos de autoavaliación que deben ir formando parte das prácticas habituais dos centros escolares.

A biblioteca escolar é parte da organización e funcionamento de todo centro docente e, como tal, debe ser obxecto, na dinámica xeral destes, de planificación, pero tamén de avaliación. Desde esta consideración, proporciona un repertorio de dimensións, indicadores e preguntas para a reflexión que permiten, por unha banda, realizar un diagnóstico sobre a biblioteca escolar e, ademais, establecer claramente en que aspectos ha de intervirse para levar a cabo accións de mellora, obxecto último de toda avaliación.

O seu contido inclúe aspectos directamente relacionados coas instalacións, dotación, servizos, usuarios etc., pero máis aló destes, pon o acento noutros directamente relacionados co papel que a lexislación actual (LOE) lles confire ás bibliotecas escolares como factor de calidade da educación. Ademais da súa obrigada presenza e uso nos centros escolares, a biblioteca considérase un elemento fundamental para contribuír ao fomento da lectura no alumnado e permitirlle acceder á información e a outros recursos para a aprendizaxe das áreas e materias, co que se contribuirá a formarse no uso crítico destes. De igual maneira, inclúe referencias a outro mandato lexislativo relacionado coa apertura das bibliotecas escolares a toda a comunidade educativa e a súa posible conexión con outros recursos da contorna. Desde estas perspectivas, dá resposta e toma como referente a función que a lexislación actual lle confire á biblioteca escolar no proceso educativo e, con iso, proporciona un instrumento moi válido para levar a cabo outro mandato lexislativo: a valoración do funcionamento xeral do centro.

Proporciona abundantes elementos para a análise e a reflexión, pero convén resaltar, pola súa importancia, que achega referencias explícitas sobre niveis de logro de calidade. Este carácter autónomo e completo da ferramenta facilita a autoavaliación nos centros educativos, por canto permite contar con información suficiente sobre *o bo facer*, o que, sen

dúbida, axuda na previsión dun horizonte de melloras que deberá irse graduando en función do diagnóstico. Ao se impoñer un centro unha tarefa como esta incorpórase, se non o fixo xa, a un proceso específico de avaliación interna; levalo a cabo xa supón entrar en contacto cun dos camiños máis idóneos para poñer en común o que se ten e o que se fai. A reflexión sobre a propia acción, emprendida desde os seus protagonistas, permite obter información válida e fiable que axuda a tomar decisións sobre a mellora nun aspecto concreto do centro —a biblioteca— pero que podería aplicarse metodoloxicamente a outros compoñentes da vida escolar.

2. A avaliación interna da biblioteca escolar, para que sexa eficaz e con perspectivas reais de mellora e continuidade, esixe que sexa asumida polo centro, máis aló do interese que sobre o tema teña a persoa ou persoas responsables dela. Neste contexto debe formar parte dos obxectivos do centro, ser asumida polo equipo directivo como proxecto, ser coñecido o plan polos membros da comunidade escolar e colaborar cada cal na súa consecución desde as diferentes responsabilidades e achegas. Sería oportuno que a persoa ou persoas responsables da biblioteca asumisen a coordinación do proceso, pero o plan de avaliación debe estar impulsado polo equipo directivo e as actuacións que comporta apoiadas durante o proceso por algúns dos seus membros. No entanto, é imprescindible que o responsable da biblioteca coñeza en profundidade a ferramenta de autoavaliación previamente a aplicala.

3. O carácter exhaustivo da ferramenta, en canto aos numerosos contidos que inclúe, aínda que desagregados en aspectos parciais complementarios que poden contemplarse con certa independencia, favorece a súa aplicación total ou parcial. Han de ser os obxectivos que se propoña o centro, as súas posibilidades reais temporais e persoais ante as tarefas que leva consigo, o propio coñecemento que se teña da biblioteca, a experiencia en cuestións de avaliación etc., quen rexan a toma de decisións sobre o ámbito de aplicación.

Parecería lóxico pensar que aqueles centros que parcelaran a ferramenta puidesen facer dous bloques en anos consecutivos: por unha banda, as dimensións relacionadas cos aspectos máis *materiais* da biblioteca, o seu

uso e o seu funcionamento —accesibilidade, visibilidade, análise de necesidades e oferta de servizos, dispoñibilidade dos recursos documentais, usos e usuarios, planificación, equipo de traballo, vinculación profesional— e, por outra, aquelas máis relacionadas coa consideración da biblioteca como verdadeiro recurso educativo vinculado á actividade docente do centro (apoio ao currículo —D3, D4, D5, D6—, valor e integración no centro, pontes coa comunidade e avaliación).

No entanto, convén sinalar que son estes últimos aspectos os que, na nosa opinión, poden estar máis afastados da práctica habitual de moitos centros, á vez que requiren un maior consenso entre o profesorado e un tempo ineludible para que sexa asumido por parte de todos o papel plural da biblioteca. En calquera dos casos, o plan de avaliación da biblioteca deberá ser presentado na súa totalidade, aínda que a aplicación se parcele. De deixarse este segundo bloque para un ano posterior, sería conveniente que este papel da biblioteca como recurso de apoio sistemático ao currículo fose obxecto de análise, discusión e asunción nalgún dos órganos de coordinación do centro. Iso axudaría a abordar con máis criterio e consenso unha avaliación posterior.

4. A pluralidade das fontes convértese nun elemento fundamental do proceso. A ferramenta expón a necesidade de contar con fontes heteroxéneas, para solicitar información contrastada e poder levar a cabo unha avaliación rigorosa. A previsión de numerosas revisións de fontes documentais e de abundantes reunións e consultas (comisión de biblioteca ou equipo de apoio, consultas ao profesorado, intercambios de opinión con usuarios, análises de datos etc.) fai necesario planificar con precisión a recollida de información. É aconsellable, en función das diferentes dimensións que se vaian abordar, agrupar previamente a revisión de documentación e, particularmente, no caso das consultas a diferentes colectivos, aquelas cuestións que deben ser obxecto de análise, co dobre fin de asegurar que se aborda todo o necesario —sexa cal for a dimensión á que se refira— e de non multiplicar as sesións de traballo máis do imprescindible. Por outra banda, débese establecer previamente quen, en que soporte e con que orde se vai recoller a información obtida. Informacións incompletas ou non rexistradas fidedignamente alargan o traballo e dificultano.

Glosario e siglas

Biblioteca de aula

Colección de documentos que reside nas aulas, permanentemente ou non, e que forma parte do fondo da biblioteca escolar. Tamén poden denominarse seccións documentais de aula.

Nalgúns casos, aínda que non é recomendable, estes documentos non forman parte da biblioteca escolar.

Biblioteca de departamento

Colección de documentos que reside nos departamentos. Debería formar parte do fondo da biblioteca escolar e estar xestionada de maneira centralizada.

Comisión de biblioteca

Encárgase de organizar e planificar o funcionamento da biblioteca, elaborar o plan anual e revisar o proxecto de biblioteca. Os membros que a compoñen, ademais da persoa responsable de biblioteca, representan o equipo directivo, o profesorado —dos distintos ciclos e áreas— e ao alumnado. Nalgúns casos, tamén pode haber representantes das familias formando parte da comisión.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Órgano de coordinación que ten como cometido asegurar a coherencia no desenvolvemento do currículo nas etapas educativas.

Equipo de apoio da biblioteca

Encárgase de mellorar o funcionamento da biblioteca, ben sexa permitindo ampliar o horario, ben colaborando en tarefas técnicas ou de dinamización. Pode estar formado por docentes, estudantes, familias, antigos alumnos etc. A colaboración nun equipo de apoio adoita ser voluntaria. Nun centro pode haber máis dun equipo de apoio.

Horario de biblioteca

Número de horas semanais en que a biblioteca escolar lle presta servizo á comunidade, independentemente do número de horas de dedicación da persoa responsable. Neste horario, a biblioteca pode estar a cargo dun profesor, do responsable, do equipo de apoio ou mesmo de estudantes.

Memoria anual da biblioteca

Documento que recompila a actividade anual da biblioteca, no que se describen as actividades realizadas e se valoran os resultados obtidos. Así mesmo, inclúense e avalíanse os datos estatísticos xerais (visitas, número de usuarios, cantidade de préstamos realizados...) e a execución económica do orzamento da biblioteca.

Plan anual da biblioteca

Plan de traballo que articula e organiza as accións do proxecto de biblioteca que se van a desenvolver ao longo dun curso escolar. Nel concrétanse as prioridades e os obxectivos para ese período, e defínense as actuacións previstas, distribúense as responsabilidades e prevese un calendario. Así mesmo, o Plan anual inclúe os procesos de avaliación previstos para valorar o seu cumprimento. Tamén pode incluír o orzamento específico que se destina á biblioteca para ese período.

Plan de lectura e escritura de centro (PLEC)

Documento no que se definen os obxectivos e as estratexias para o desenvolvemento das competencias de lectura, escritura e para o uso da información. Debería incluír, así mesmo, o tratamento da competencia dixital en coordinación co Plan TIC de centro.

Programación Xeral Anual

Documento que identifica, adapta e lles dá prioridade ás medidas relativas tanto aos aspectos de organización e funcionamento xeral do centro, como aos curriculares; é dicir os diversos tipos de normas, proxectos e plans de actuación. É aprobado polo Consello Escolar.

Proxecto da biblioteca

Documento marco da biblioteca, no que se reflicte o modelo de biblioteca escolar, os obxectivos que se propón, as estratexias e accións previstas para o seu cumprimento e os procesos de avaliación. Adoita ser elaborado pola persoa responsable da biblioteca, en colaboración coa comisión de biblioteca (no caso de que exista). Adoita estar referendado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. A comunidade escolar está informada do proxecto.

Seccións documentais de aula

Véxase *Biblioteca de aula*.

Usuarios da biblioteca

Considéranse usuarios a todos os membros da comunidade educativa: estudantes, docentes, persoal non docente do centro e familias. Na ferramenta de autoavaliación, nalgúns das súas dimensións, especifícase a que tipo determinado de usuarios se fai referencia.

SIGLAS

AENOR	Asociación Española de Normalización e Certificación
ALFIN	Alfabetización Informacional
ANPA	Asociación de Nais e Pais de Alumnos
APPCC	Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control
BE	Biblioteca Escolar
CDU	Clasificación Decimal Universal
CEIP	Colexio de Educación Infantil e Primaria
CRA	Centro de Recursos para a Aprendizaxe
DESECO	Definición e Selección de Competencias
DfES	<i>Department for Education and Skills</i>
EFQM	<i>European Foundation for Quality Management</i>
FGSR	Fundación Germán Sánchez Ruipérez
IEA	<i>International Association for the Evaluation of Educational Achievement</i>

IES	Instituto de Educación Secundaria
IFLA	<i>International Federation of Library Associations</i>
ISO	<i>International Organization for Standardization</i>
LOE	Lei Orgánica de Educación
OCDE	Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico
ONG	Organización non Governamental
PIRLS	<i>Progress in International Reading Literacy Study</i>
PISA	<i>Programme for International Student Assessment</i>
PROA	Plan de reforzo, orientación e apoio
RSS	<i>Really Simple Syndication</i>
TALIS	<i>Teaching and Learning International Survey</i>
TIC	Tecnoloxías da Información e da Comunicación
TIMMS	<i>Trends in International Mathematics and Science Study</i>

